





Guía para a busca activa de emprego



CONCELLO DE
SANTIAGO

Concellaría de Promoción
Económica e Emprego

Guía para a busca activa de emprego



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellaría de Promoción
Económica e Emprego

Índice

1.- Introducción	5
2.- O Itinerario Profesional	7
2.1.- As túas posibilidades	7
2.2.- Empregos preferentes	9
2.3.- O teu Proxecto Profesional	12
3.- Tendencias do Mercado laboral	17
3.1.- O emprego en Europa	18
3.2.- O emprego en España	19
3.3.- O emprego en Galicia	23
3.4.- O emprego en Santiago de Compostela	29
3.5.- Os Novos xacementos de emprego	36
4.- A busca activa de emprego	43
4.1.- Por conta propia	43
4.2.- Por conta allea	49
5.- Instrumentos para a busca activa de emprego	57
5.1.- Fontes de información e recursos	57
5.1.1. Oficinas do Servizo Público de Emprego	60
5.1.2. Centros de Formación Ocupacional	63
5.1.3. Centros de Información Xuvenil	65
5.1.4. Centros de Información á muller (CIM)	66
5.1.5. Universidades	66
5.1.6. Rede Eures	67
5.1.7. Sindicatos	68
5.1.8. Empresas e Confederacións/Asociacións de Empresariado	71
5.1.9. Empresas de Traballo Temporal (ETT's)	74
5.1.10. Consultoras de Recursos Humanos	77
5.1.11. Colexios e Asociacións Profesionais	81
5.1.12. Cámaras de Comercio	93
5.1.13. Fundacións	94
5.1.14. Rede de Contactos	97
5.1.15. Prensa diaria e suplementos de emprego dominicais	98
5.1.16. Anuarios, Guías e Directorios de empresas	99
5.1.17. Foros e Seminarios	100
5.1.18. Feiras de Emprego	100
5.1.19. Programas de radio e televisión	101
5.1.20. Internet e Portais de Emprego	101
5.1.21. Outras fontes	108

5.2.- Ferramentas para a busca activa	112
5.2.1. A Carta de presentación	114
5.2.2. O Curriculum Vitae	123
6.- Os procesos de selección	139
7.- Glosario de termos	151
8.- Anexo. Planning para a busca activa de emprego	153
9.- Bibliografía	155

1. Introducción

Prepararse para afrontar de maneira adecuada a transición á vida activa, nun mercado laboral, caracterizado pola súa complexidade e incerteza, obriga ás persoas demandantes a unha continua toma de decisións sobre as opcións profesionais e laborais; amosando a urxente necesidade de acadar as habilidades necesarias e coñecer os mecanismos e ferramentas de busca de emprego a utilizar.

Dar resposta ós requirimentos e expectativas deste mercado laboral aberto, amosar as nosas capacidades e habilidades profesionais, evidenciar a adecuación do noso nivel de aprendizaxe, actitudes e valores, esixíranos ter unha intención firme de actuar e incrementar de xeito cotiá o noso "capital", a nosa "empregabilidade", nun escenario onde os empregos son escasos e competidos.

Sabemos que as competencias para o emprego, ó igual que as actitudes, non son potencialidades conxénitas, senón que forman parte da construción persistente de cada persoa, do que se quere facer ou ser no mercado de traballo e da nosa capacidade para asumir o control e a responsabilidade do noso futuro.

Neste sentido, esta guía para a busca activa de emprego persegue unha dobre intencionalidade:

- **En primeiro lugar**, animarte a que realices unha busca de emprego planificada e efectiva.
- **En segundo lugar**, mellorar as túas posibilidades, capacidades e habilidades propias na procura de emprego.

Nela, encontrarás información sobre a situación actual do mercado de traballo; propostas sobre as estratexias e técnicas a seguir para unha busca activa de emprego tanto por conta allea como por conta propia, sobre as fontes de información e recursos existentes e sobre os procesos de selección. Igualmente encontrarás un inventario de recursos de interese, dispoñibles no noso entorno e na internet.

Coa finalidade de que esta guía se convirta nunha ferramenta axil e dinámica para a busca activa de emprego, apóstase por unha metodoloxía construtiva, baseada na caracterización dunha serie de personaxes que irán aparecendo ao longo da mesma e que, a través dos seus perfiles e proxectos profesionais, amosaránnos diferentes técnicas e estratexias para realizar unha busca activa de emprego. Estas personaxes son as seguintes:



1. Introducción




Eu
son Lois, teño 23 anos,
actualmente, busco emprego
como Técnico Superior en
Animación Sociocultural



Ola
son María, teño 52
anos e gustaríame nun
futuro próximo montar o
meu propio negocio



Ola
son Pablo, teño 28
anos, e nestes momentos
preparo unhas oposicións



Chámome
Carme, teño 47 anos e
busco emprego na
empresa privada

2. O Itinerario Profesional

Especialmente cando nos enfrontamos ó noso primeiro emprego, á saída do centro educativo, instituto ou facultade, sentimos moita inseguridade para determinar a nosa meta profesional e encarar a busca de emprego.


Unha das causas deste atranco, na transición á vida activa, pode ser o escaso coñecemento que posuímos dos actuais requirimentos do mercado laboral, ou mesmo, da súa propia configuración, que en moitas ocupacións e ámbitos presenta unha situación complicada porque os empregos son insuficientes.

Nesta situación, non podemos esquecer, nunca, que todas as persoas, necesitamos insertarnos sociolaboralmente, precisamos de independencia económica e persoal, ser efectivas como persoas e como membros dunha comunidade, desenvolver as nosas capacidades e continuar aumentando os nosos coñecementos, habilidades e actitudes positivas para a vida.

Por iso, precisamos o ánimo firme, mantermos optimistas e positivas ata o momento da consecución do emprego.

Encontrar traballo depende de diversos factores, algúns externos a nos, que non podemos controlar, como a situación sociolaboral, as políticas de emprego ou a competencia no mercado globalizado. Pero existen outros moitos, factores internos, que si dependen de nos, e que podemos controlar; son os relacionados coa definición do noso perfil profesional, competencias, destrezas, actitudes ou motivacións na busca, estratexias utilizadas, etc.

Temos que optimizar todos estes factores para que a busca sexa frutífera, facendo un primeiro esforzo para recoñecer as nosas posibilidades efectivas e trazar un itinerario profesional a seguir, ata a consecución do posto de traballo.



Sabela, orientadora laboral




IDEA CLAVE

A busca de emprego é unha tarefa que debe estar o máis estruturada posible. Nesta tarefa é moi importante a túa implicación, constancia e capacidade de planificación.

2.1. As túas posibilidades

Antes de comezar coa busca de emprego é necesario ter claro que tipo de emprego estás a buscar, cales se adaptan máis ás túas características e posibilidades.

O primeiro paso para levar a cabo unha busca activa de emprego é concienciarte de que esta é unha tarefa planificada e estruturada, un proceso no que debes realizar un itinerario onde quede definido o teu perfil profesional, reflexionando sobre os seguintes aspectos:



2. O itinerario profesional

Define o teu perfil profesional

Quen son? Define as túas características personais

(segura, activa, creativa, puntual, esixente, flexible, adaptable, activa...)
 Ex: Cales son as miñas necesidades personais? Como actuo ante situacións adversas? Asumo as miñas responsabilidades? Que é o que máis me motiva no traballo? Gústame mandar? Son unha persoa creativa?, ...

Que formación teño?

Formación académica e formación complementaria

Que sei facer?

Experiencia laboral (prácticas, becas, voluntariado, contratos...). Escribe todo o que levas feito ata o momento. Estarás elaborando un primeiro borrador do teu curriculum vitae.

Empregos ós que podo optar

(partindo da tua formación e experiencia laboral)

En que quero traballar? Preferencias

Tes que ter ben decidido o posto que buscas e en que sector. Elimina os sectores que non te atraen, clasifica por orde de preferencia os que te interesan e busca información sobre cada sector seleccionado

Que requisitos se lles demanda ás persoas candidatas?

Necesitas saber cales son normalmente, as competencias que se precisan

Son suficientes os coñecementos, destrezas e actitudes que posúes?

Debes estudar a adecuación entre o perfil que se solicita e o que ti posúes.

Puntos Fortes

Ex: Cales son as miñas mellores cualidades? Cal foi o meu maior éxito ata o momento?...

Puntos Débiles

Ex: Cales son os meus peores defectos? Cal foi o meu maior fracaso ata o momento?...

Condicións laborais que aceptaría

(tipo de xornada laboral, desprazamento, traballo individual/en equipo...)

A selección de persoal non é unha técnica exacta, polo contrario, é unha tarefa por aproximacións sucesivas, onde se decide sobre os resultados máis adaptados ó perfil dun posto determinado. Estúdase cales son as persoas candidatas máis axustadas ó posto.

As persoas encargadas da realización dos procesos de selección tratarán de coñecerte para valorar a túa adecuación, ti terás que procurar xogar con vantaxe: debes saber cales poden ser as túas posibilidades, coñecerte.


2.2. Empregos preferentes

Sempre terás maiores posibilidades de éxito, si comezas a busca por empregos preferentes, aqueles que máis se axustan o teu perfil. E para iso cúmprenos saber, cales son os requisitos que se piden para cada posto de traballo?.

Normalmente, unha empresa, para poder realizar un axeitado proceso de incorporación de persoal, precisa ter definido previamente a "descrición dos postos de traballo" cos seus respectivos "perfiles". A súa finalidade é ter a información suficiente para determinar que cualidades, características e aptitudes deben reunir as persoas que aspiren a incorporarse á mesma.


Elementos que se recollen habitualmente na descrición do posto de traballo:

Descrición do posto	Perfil do posto
<p>① Identificación Denominación do posto, situación o organigrama da empresa</p> <p>② Obxectivo xeral Cometido específico</p> <p>③ Funcións, actividades e/ou tarefas Redacción pormenorizada de actividades a desenvolver; habituais, frecuentes e esporádicas</p> <p>④ Ámbito de actuación Responsabilidades e prioridades do desempeño, nivel de autonomía e capacidade de decisión. Relacións internas e externas: Quén é o seu mando superior inmediato, equipo do que forma parte...</p> <p>⑤ Condicións xerais do posto de traballo Ambiente de traballo, riscos, remuneración, tipo contrato...</p>	<p>① Perfil Nome da ocupación</p> <p>② Formación e experiencia Formación necesaria e complementaria, experiencia...</p> <p>③ Coñecementos específicos Areas ou niveis de coñecemento</p> <p>④ Habilidades e destrezas Requisitos físicos, aptitudinais e rasgos de carácter</p> <p>⑤ Adestramento Formación por conta da empresa</p>

LEMBRA 

Tes que ter claro:
 ¿En que queres traballar?
 Tés que ter ben decidido o posto que buscas e en que sector.
 ¿Qué requisitos se demandan ?
 Necesitas saber cales son normalmente, as competencias que se precisan.
 ¿Son suficientemente validos os coñecementos, destrezas e actitudes que posúes?
 Debes estudar a adecuación entre o perfil que se solicita e o que ti posúes.

2. O itinerario profesional



Vexamos algún exemplo:

Descrición do posto de traballo

1.- Identificación

Arquiveiro/a

2.- Obxectivo xeral

Resgardar documentos, expedientes e demais información, organizando e executando actividades de clasificación, codificación e custodia de documentos, a fin de manter información actualizada e organizada a disposición da organización.

3.- Funcións, actividades e/ou tarefas

- Coordina e controla a recepción da documentación
- Identifica as carpetas onde vai as ser arquivado o material
- Recibe material para arquivar
- Clasifica o material para arquivar
- Codifica o material para arquivar, de acordo ao código establecido
- Suministra expedientes e/ou documentos ás diferentes unidades, segundo a normativa vixente
- Efectúa a lectura dos documentos a arquivar
- Arquiva nos expedientes correspondentes os documentos recibidos
- Empraza as carpetas novas nos seus respectivos arquivadores
- Retirar e incorpora expedientes, carpetas con documentos ou outros novos arquivadores
- Realiza inventarios de arquivos, para a evacuación de expedientes de inactivos e documentos que caducaron
- Vela pola conservación, restauración e mantemento da documentación
- Participa no deseño e execución de instrumentos técnicos
- Leva o control de prestamos de expedientes e ou documentos
- Revisa os controis de prestamos para verificar a data de vencemento
- Proporciona información do material arquivado, segundo as normas establecidas
- Actualiza o Thesouro en termos claves
- Planifica, coordina, supervisa e controla as actividades dos auxiliares de arquivo adscritos á unidade
- Vela polo cumprimento dos regulamentos, normas e procedementos da unidade
- Atende e resolve problemas que se presentan no arquivo
- Opera un microordenador para incorporar información
- Cumpre coas normas e procedementos en materia de seguridade integral, establecidos pola organización
- Mantén en orden equipo e sitio de traballo, reportando calquera anomalía
- Elabora informes periódicos das actividades realizadas
- Realizar calquera outra tarefa afín que lle sexa asignada

4.- Ámbito de actuación

4.1. - Responsabilidade

4.1.1.- Materiais:

Manexa constantemente equipos e materiais de fácil uso, sendo a súa responsabilidade directa e manexa periodicamente equipos e materiais medianamente complexos, sendo

a súa responsabilidade indirecta.

4.1.2.- Diñeiro:

É responsable indirecta/o da custodia de materiais

4.1.3.- Información confidencial:

Manexa en forma indirecta un grado de confidencialidade medio

4.2.- Toma de decisións:

As decisións que se toman baséanse en políticas específicas, en procedementos definidos para lograr obxectivos específicos, mellorar métodos ou establecer técnicas e estándares, a nivel operativo.

4.3.- Supervisión:

O cargo recibe supervisión específica de maneira directa e periódicas e exerce unha supervisión específica de maneira directa e constante.

4.4.- Relacións internas e externas:

4.4.1.- Relacións internas:

O cargo mantén relacións continuas coas diferentes unidades da dependencia, estudian-tado, profesorado, funcionariado da institución e auxiliares de arquivo, a fin de executar e/ou controlar o relativo á área, esixíndose para iso unha normal habilidade para obter cooperación

4.4.2.- Relacións externas

O cargo mantén relacións frecuentes co público en xeral, a fin de executar o relativo á área, esixíndose para iso unha normal habilidade para obter cooperación.

5.- Condicións ambientais e riscos de traballo

5.1.- Ambiente de traballo

O cargo emprazase nun sitio pechado, xeralmente agradable e mantén contacto con axentes contaminantes

5.2.- Risco

O cargo está sometido a enfermidade con unha magnitude de risco leve, con posibilidade de ocorrencia media

5.3.- Esfuerzo:

O cargo esixe un esforzo de estar sentada/o constantemente e camiñando periodicamente, e e require dun grado de precisión manual baixo un grado de precisión visual medio.

Perfil profesional

1.- Perfil

Arquiveira/o

2.- Formación e experiencia

2.1.- Formación preferente:

Licenciatura en arquivos e bibliotecas, historia ou similar

2.2.- Experiencia

Un ano de experiencia na área de arquivo

2.3.- Formación complementaria

Curso completo de arquivo de máis de 200 horas

2. O itinerario profesional

3.- Coñecementos en:

Técnicas, procedementos e sistemas de arquivo
 Procedementos de oficina
 Ofimática

4.- Habilidade e destrezas:

Tratar en forma cortés e efectiva con funcionariado e público en xeral
 Dar instrucións en forma clara e precisa
 Redactar informes sinxelos de oficina
 Supervisar persoal
 Seguir instrucións orais e escritas
 Clasificación e ordenación de material a arquivar
 Manexo de arquivo e kardex

5.- Adestramento requirido


Técnicas actualizadas de arquivo
 Arquivo informatizado
 Relacións humanas e atención ó público
 Técnicas de supervisión e control

As persoas especialistas en selección de persoal, cando queren obter datos efectivos das cualidades precisas para un posto de traballo estudian a actitude das persoas que en ese momento desempeñan traballos do mesmo tipo ou ben, no suposto en que non sexa posible reunir información dentro da empresa, vense na obriga de formar un xuízo propio sobre as condicións, formación, coñecementos e experiencia que precisa dito posto de traballo.

Procura definir unha ou dúas ocupacións, obxectivo de partida, "nucleares" e outras tantas relacionadas que tamén desenvolverás (exemplo: como técnico/a en informática, tamén optarías a empregos de operador/a de informática, deseñador/a de páxinas web, etc.)

2.3. Proxecto Profesional

Unha vez analizado o teu propio perfil persoal e profesional, así como, os requirimentos do mercado de traballo, "grosso modo", debes dar un novo paso: planificar o teu proxecto profesional, é dicir, en que queres e podes traballar. O obxectivo da súa definición é avaliar a túa experiencia e formación e identificar as túas capacidades e habilidades.



1. Decídete por unha ou varias opcións de emprego preferentes.

Recorda que a túa meta final é encontrar emprego, entre as diferentes opcións que teñas revisado, precisas:

- Orientarte a campos laborais con maiores posibilidades no mercado.
- Nalgún caso, adaptarte ós diferentes factores persoais esixidos.
- Ter amplitude de horizontes



IDEA CLAVE

Utilizando o coñecemento que tes de ti mesma/o e a información e datos sobre posibles empregos, valora o nivel de adecuación do teu perfil cos dos postos ofertados. Isto, permitirache ver con claridade os aspectos coincidentes, facilitando a túa decisión sobre os empregos ós que queres e podes optar.

LEMBRA

Non debes esquecer a túa polivalencia, o mercado de traballo é cada vez máis flexible e ti tes que estar preparada/o para adaptarte a unha demanda cambiante.

2. Estudia alternativas

Diante de cada obxectivo ocupacional, marca as posibles alternativas que tes, en función de si precisas ou non formación adicional ou experiencia para desempeñala de maneira adecuada, ou pola contra, si xa estás preparado/a para iniciar a busca de emprego de xeito activo. Valora posibles alternativas en función de cada caso:


- Formación (cursos, ...)
- Experiencia (prácticas, traballo ad honorem, ...)
- Busca inmediata por conta propia ou por conta allea

3. Actividades

Serán as actuacións específicas para a posta en marcha das posibles alternativas, e que consistirán en preparar as túas ferramentas de busca, continuar investigando de maneira máis concreta o mercado de traballo e achegarse a empresas en demanda de información e emprego.

Planifica o teu Proxecto Profesional
<p>Que quero facer? Expresa as túas aspiracións ou intereses profesionais</p>
<p>Que obxectivo/s profesional/is teño?</p>
<p>Autoanalise das miñas aptitudes e competencias</p>
<p>Autoanálise dos rasgos da miña personalidade</p>
<p>Que me falta para poder conseguir o meu/s obxectivo/s profesional/?</p>
<p>Que pasos/tarefas teño que facer para conseguilo? Como me organizo? En relación coa formación, a experiencia profesional e con outros aspectos Ex: Realizar un listado das empresas (en base a referencias doutras persoas, anuarios profesionais, prensa, etc.) susceptibles de necesitar a persoal coas túas características. Leva a cabo una busca minuciosa de información útil acerca de cada empresa, para redactar o curriculum vitae e a carta personalizada. Redacta e enviar un curriculum personalizado, acompañado dunha carta de candidatura feita á medida de cada empresa concreta.</p>
<p>Que alternativas teño por se algo falla?</p>


Vexamos algún exemplo práctico de como elaborar o teu proxecto profesional:



IDEA CLAVE

A planificación dun proxecto profesional constitue un proceso de orientación conxunta entre demandante e orientador/a, que ten como obxectivo coñecer, no momento actual, a situación persoal e profesional do/a demandante, coa finalidade de incrementar as posibilidades de acceder ó ámbito laboral, ofrecendo recursos de axuda para que cada demandante poida deseñar a súa propia traxectoria profesional e/ou formativa a corto, medio e longo prazo.

2. O itinerario profesional



Lois, Técnico en Animación Sociocultural

PROXECTO PROFESIONAL

ANALISE DAS MIÑAS APTITUDES

- Resultados positivos na miña formación académica
- Capacidade na adquisición de novos aprendizaxes.
- Boa capacidade para comprender ideas e boa fluidez verbal (riqueza de vocabulario).
- Dificultades para o cálculo de operacións matemáticas con rapidez.
- Facilidade para o razonamento, resúltame doado resolver problemas que se me plantexan.
- Pensamento analítico e práctico.

RASGOS DA MIÑA PERSONALIDADE

Dentro dos aspectos máis significativos da miña forma de ser, destaco:

- actitude diplomática e adaptable, pouco dominante e autoritaria, tendo a acomodarme facilmente ante as necesidades das demais persoas.
- cun carácter reflexivo y cauteloso
- son unha persona natural, tanto coas miñas amizades como con familiares.
- son unha persoa práctica.

DE QUE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DISPOÑO?

- Alto grado de responsabilidade e exixencia en relación ao ámbito laboral.
- Organizado, gústame planificar tarefas coa finalidade de adiantarme ás dificultades e imprevistos.
- Capacidade de traballo en equipo, adaptándome con facilidade aos diferentes grupos e colaborando en todo aquilo que sexa necesario.
- Facilidade para establecer contactos e manter relacións interpersonais.
- Facilidade para a resolución de problemas, competencia requerida e valorada na miña profesión.

INTERESES PROFESIONAIS

En referencia aos meus intereses profesionais, actualmente teño interese polas seguintes áreas laborais:

- Socio-Educativa.
- Cultural/Artística.
- Tempo libre e de lecer.

OBXECTIVO/S PROFESIONAL/IS

QUE ME FALTA PARA PODER CONSEGUIR O MEU/S OBXECTIVO/S PROFESIONAL/IS?

ÁMBITOS DE TRABALLO

Os ámbitos profesionais onde podería desenvolverme profesionalmente serían, entre outros:

- Animación sociocultural e tempo libre
- Servizos sociais de base, infancia e adolescencia
- Educación de Persoas adultas
- Terceira Idade

OCUPACIÓNS QUE PODERÍA DESENVOLVER SEGUNDO O MEU PERFIL

Algunhas das ocupacións que podería desenvolver e que se axustan ao meu perfil profesional son, entre outras:

- Animador Sociocultural.
- Animador infantil.
- Monitor/Director de tiempo libre.
- Técnico de información xuvenil.
- Técnico de Ludotecas.
- Educador de rúa .
- Educador de persoas adultas.

COÑECEMENTOS NECESARIOS

- Coñecemento do medio no que vai a intervenir van a educar (análise da realidade do seu entorno laboral).
- Proceso do seu desenvolvemento persoal: Psicoloxía evolutiva, etc.
- Pedagogía.
- Dinámica de Grupos.
- Recursos e técnicas de animación sociocultural e educación.
- Xestión de asociacións e grupos de traballo.
- Educación en valores: coeducación, educación afectivo- sexual, educación intercultural, educación ambiental...

HABILIDADES E ACTITUDES

As habilidades requeridas para estas ocupacións son:

- Empatía.
- Asertividade.
- Persoa activa e dinámica.
- Sociabilidade, capacidade de relacións humanas. Carácter aberto.
- Responsabilidade.
- Compromiso coa sociedade.
- Cooperación.
- Respetuoso coas demais persoas.
- Flexibilidade e tolerancia (nin discriminativo, nin sexista).

COMPETENCIAS

- Saber buscar e usar a información e os recursos.
- Creatividade e capacidade de innovación.
- Iniciativa e toma de decisións.
- Resolución de conflitos. Saber reaccionar antes situacións de risco.
- Liderazgo e dotes de organización.
- Control emocional e escoita activa.
- Capacidade de traballo en equipo.
- Deseño, implementación e avaliación de proxectos de intervención comunitaria.

2. O itinerario profesional

FORMACIÓN REQUERIDA

Pode ser do meu interese a realización dunha carreira universitaria relacionada coa miña formación, como pode ser a Diplomatura en Educación Social, ou ben realizar cursos de formación continua. Poden ser cursos específicos dentro do campo dos servizos sociais, da educación ou doutros ámbitos como pode ser a informática ou os idiomas, tan valorados hoxe en día no mercado laboral.

TAREFAS A DESENVOLVER NESTAS OCUPACIÓNS

- Detección de diferentes problemáticas sociais e as súas causas. Diagnose de necesidades sociais.
- Relacións con diversos axentes sociais, institucións e coa poboación destinataria.
- Animación grupal e comunitaria.
- Educación en valores e actitudes e intervención para a mellora do benestar social da comunidade.
- Formación, información, orientación e asesoramento individualizado.
- Deseño, xestión, implementación e avaliación de proxectos de intervención comunitaria.
- Deseño e difusión de bens artísticos e culturais.
- Coordinación con diferentes profesionais de cara o deseño de estratexias comúns de intervención.

COMO OPTAR A ESTE TIPO DE OCUPACIÓNS

Pódese optar a este tipo de ocupacións, a través de:


- As Administracións Públicas: a través de oposición ou concurso.
- Entidades Privadas: tanto as empresas como as asociacións, con o sen ánimo de lucro, que requiren a especialistas cun perfil similar.
- O exercicio libre da profesión: exercer o traballo como profesional por conta propia.

LEMBRA

O traballo de "buscar e atopar traballo" pode resultar, ás veces, longo e difícil, pero se o planificas correctamente e te organizas e, ó mesmo tempo, mantés unha actitude positiva e activa hacia esta busca, pódese converter nun camino máis doado.


3 . Tendencias do Mercado laboral

Definimos o mercado de traballo como o conxunto de relacións entre a oferta e a demanda de traballo como factor produtivo.



Para actuar de forma eficaz na busca de emprego debes coñecer o funcionamento e as características do entorno sociolaboral, pois este, marcará parte das túas posibilidades actuais e futuras de acceder ó emprego. Este entorno é altamente cambiante e dinámico. Algunha das súas características son:

Cambios no modo de produción	Novas formas de traballo
<ul style="list-style-type: none"> ● Frecuente renovación dos equipos e maquinaria, asociados á automatización e informatización. ● Mobilidade laboral, con cambios nos postos de traballo e diversificación de tarefas. ● Subcontratacións a outras empresas. ● Traballar nun entorno sen límites xeográficos ou temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Aumenta espectacularmente o emprego atípico (contratos a tempo parcial, con ETT, en formación e prácticas, teletraballo, a domicilio, ...) ● Traballos de utilidade social ou "ad honorem" como o voluntariado, son considerados experiencia laboral aínda que carezan de remuneración. ● Aumento de autónomas/os forzosas/os, especialmente entre as persoas que se queren reincorporar ó mercado laboral ● Aparecen novas tendencias na utilización do tempo de traballo e na definición da xornada laboral. ● Xorden novas ocupacións, novos xacementos de emprego...
Variacións na formación requirida para o desempeño do posto	Cambio na maneira de entender a organización da empresa
<ul style="list-style-type: none"> ● Aumenta os postos cualificados e a man de obra mellor formada ● Precísase formación continua e o reciclaxe detraballadoras/es. A formación caduca con rapidez ● Coñecementos de informática a nivel usuaria/o 	<p>A nova cultura de empresa da importancia á motivación, formación e participación</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Organización flexible, dinámica, máis áxil. ● Busca da calidade



IDEA CLAVE

Para iniciar con realismo a túa busca de emprego debes coñecer o mercado laboral no que te vas a mover.

3. Tendencias do mercado laboral

LEMBRA

É importante saber que o mercado de traballo é cambiante, modifícase constantemente en función da evolución da nosa sociedade, polo que tes que estar ao tanto destes cambios.

Como vemos, as novas tendencias do mercado de traballo, requiren a todas as persoas traballadoras unha actitude de predisposición permanente ó cambio, en condicións de polivalencia e abertos a plurifuncionalidade.

3.1. O emprego en Europa

Nun contexto de fortes restricións presupostarías e unha crecente competencia económica a escala mundial, a Unión Europea mantén como obxectivo prioritario o aumento da taxa de emprego. Na actualidade a taxa de paro sitúase na Europa dos vinteseite entornos ó 7,1% (Eurostat).

Táboa 1: Taxas de desemprego por sexos, EU, 2006 e 2007 (porcentaxe).

	2006			2007		
	Total	Femenina	Masculina	Total	Femenina	Masculino
EU (27 países)	8.2	8.9	7.6	7.1	7.8	6.6
Euro zona	8.2	9.3	7.4	7.4	8.4	6.6
Alemania	9.8	9.4	10.2	8.4	8.3	8.4
Austria	4.7	5.2	4.4	4.4	5.0	3.9
Bélgica	8.2	9.3	7.4	7.5	8.5	6.7
Bulgaria	9.0	9.3	8.6	6.9	7.3	6.5
Chipre	4.6	5.4	4.0	3.9	4.6	3.3
Dinamarca	3.9	4.5	3.3	3.7	4.1	3.4
Eslovaquia	13.4	14.7	12.3	11.3	12.8	10.0
Eslovenia	6.0	7.2	4.9	4.7	5.8	3.8
España	8.5	11.6	6.3	8.3	10.9	6.4
Estonia	5.9	5.6	6.2	4.9	4.0	5.8
Finlandia	7.7	8.1	7.4	6.9	7.2	6.5
Francia	9.2	10.1	8.4	8.3	8.8	7.9
Grecia	8.9	13.6	5.6	:	:	:
Hungría	7.5	7.8	7.2	7.2	7.6	7.0
Irlanda	4.4	4.1	4.6	4.5	4.1	4.7
Italia	6.8	8.8	5.4	:	:	:
Letonia	6.8	6.2	7.4	5.9	5.4	6.4
Lituania	5.6	5.4	5.8	4.3	4.4	4.1
Luxemburgo	4.7	6.2	3.5	4.7	5.7	4.0
Malta	7.3	8.9	6.5	6.3	7.6	5.7
Países Baixos	3.9	4.4	3.5	3.2	3.6	2.8
Polonia	13.8	14.9	13.0	9.6	10.4	9.0
Portugal	7.7	9.0	6.5	8.0	9.6	6.6
Reino Unido	5.3	4.9	5.7	:	:	:
República Checa	7.1	8.8	5.8	5.3	6.7	4.3
Rumania	7.3	6.1	8.2	:	:	:
Suecia	7.1	7.2	6.9	6.1	6.4	5.8

3. Tendencias do mercado laboral

Logo do cumio do emprego de 1997, a Unión Europea confirma unha nova estratexia de emprego para Europa. Lanza un programa de acción, con catro liñas prioritarias:

- O fomento dun novo clima de espírito empresarial, que impulse a creación de máis e mellores postos de traballo.
- Unha especial concentración na capacidade de inserción profesional, co fin de reducir as lagoas de capacitación e dotar a un maior número de persoas traballadoras da preparación necesaria para ocupar os postos de traballo de nova creación.
- A necesidade de fomentar a adaptabilidade, para que empresas e traballadores e traballadoras estean debidamente preparadas para superar os cambios no lugar de traballo.
- Defensa da igualdade de oportunidades, para que a economía se beneficie da formación de toda a cidadanía.



IDEA CLAVE

Encontrámonos dentro dun mercado laboral globalizado que exige a traballadoras e traballadores dunha maior flexibilidade para adaptarse ás súas necesidades reais e, polo tanto, dunha maior mobilidade xeográfica, polo que temos que ampliar a nosos ámbitos de busca de emprego, tanto a nivel estatal, como comunitario e internacional.

3.2. O emprego en España

Segundo as cifras ofrecidas pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) no IV trimestre do ano 2007, a poboación total (ambos sexos) de 16 anos en diante presenta os seguintes datos:

Táboa 2: Características da poboación de 16 anos en diante por sexos, España, IV trimestre do ano 2007 (unidades, porcentaxe)

	Total Valores absolutos	Mulleres	Homes	Porcentaxes
1. Poboación 16 anos e mais (1+2)	37.896,9	19.298,5	18.598,4	100%
1. Persoas activas	22.404,5	9.528,1	12.876,3	59,11%
■ Ocupadas	20.476,9	8.479,8	11.997,1	54,03
■ Paradas	1.927,6	1.048,3	879,2	5,08
2. Inactivas	15.492,4	9.770,4	5.722,0	40,88

Fonte: Epa IV trimestre 2007

Táboa 3: Taxas de actividade e paro por sexos, España, IV trimestre do 2007 (porcentaxe)

	Total	Mulleres	Homes
Taxa de actividade	59,12	49,37	69,23
Taxa de paro	8,60	11,00	6,83

Fonte: Epa IV trimestre 2007

3. Tendencias do mercado laboral

En España a porcentaxe de persoas activas ascende a 59,11% representado os homes a maior parte. A taxa de paro é do 8,60%, aínda que esta cifra aumenta no caso das mulleres e diminúe no dos homes.

Táboa 4: Poboación ocupada por sector económico e sexo, España, 2007 (porcentaxe)

		Porcentaxe			Valores absolutos		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Total persoas ocupadas 100%		58,58%	41,41%	100%	11.997,1	8.479,8	20.476,9
S. Primario Agricultura		72,73%	27,26%	100%	658,8	247,0	905,8
S. Secundario	Industria	25,58%	74,41%	100%	838,9	2.440,1	3.279,1
	Construcción	94,27%	5,72%	100%	2.539,4	154,1	2.693,5
S. Terciario Servizos		46,76%	53,23%	100%	6.358,7	7.239,8	13.598,5

Fonte: Epa IV trimestre 2007

Táboa 5: Poboación parada por sector económico e sexo, España, 2007 (unidades, porcentaxe)

		Porcentaxe			Valores absolutos		
		Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Total persoas ocupadas 100%		46,54%	53,45%	100%	879,2	1.048,3	1.927,6
S. Primario Agricultura		53,20%	46,79%	6,24%	64,0	56,3	120,3
S. Secundario	Industria	64,86%	35,13%	7,10%	88,8	48,1	136,9
	Construcción	97,15%	2,84%	11,29%	211,5	6,2	217,7
S. Terciario Servizos		36,69%	63,30%	38,97%	275,7	475,6	751,3
Busca do primeiro emprego ou deixaron o último fai máis dun ano		12,41%	87,58%	36,38	239,3	462,1	701,4

Fonte: Epa IV trimestre 2007



IDEA CLAVE

Como terás observado, o sector servizos é o que máis traballadoras e traballadores agrupa e o que seguirá protagonizando a oferta de oficios e novos empregos no futuro.

Aínda así, na industria creáronse novas oportunidades no referente a:

Robotización e automatización da produción.

Control e xestión de calidade.

Deseño asistido por ordenador e enxeñería de sistemas.

O sector primario en xeral, aportará poucas perspectivas, aínda así, destacan algunhas especialidades con futuro, relacionadas coa creación de formulas alternativas á pesca. Na industria alimentaria unha ocupación con futuro serán as persoas expertas en nutrición.

No ámbito das telecomunicacións seguiranse demandando profesionais para a televenta e aumentará a demanda de persoas expertas en seguridade informática.

O comercio continuará demandando profesionais relacionados coa atención directa á clientela, a xestión e creación de novas superficies, o merchandising, o comercio exterior e os servizos financeiros e de seguros.

O turismo e desenvolvemento cultural, demandará persoas expertas en xestión de parques, persoal técnico de organización de feiras e congresos e especialistas en promoción cultural.

A continuación, presentamos unha clasificación de ocupacións con maiores oportunidades de éxito no mercado laboral:

SECTOR PRIMARIO

Agroalimentarias

- Dietistas
- Enólogas/os

SECTOR SECUNDARIO

Industria Eléctrica e Electrónica

- Informáticos/as especializados en robótica
- Técnicas/os de mantemento microelectrónica
- Técnicas/os en mecánica de alta precisión
- Técnicas/os en reparación en instalacións industriais

Industria Química


- Licenciadas/os en Química
- Enxeñeiras/os químicos

Industria Mecánica

- Mecánicos/as
- Electricistas automóbil
- Torneiros/as
- Soldadoras/es
- Cerraxeiros/as
- Proxectistas

Industria Gráfica

- Expertas/os en novos materiais e tecnoloxías
- Creativas/os



3. Tendencias do mercado laboral

Téxtil

- Maquinistas
- Planchadores/as
- Patronistas

Construcción

- Delineantes
- Escaiolistas / Xeseir/asos
- Pintoras/es de edificio
- Operadoras/es de maquinaria pesada

SECTOR TERCIARIO

Servicios á Empresa

- Comerciais
- Asesoras/es fiscais e laborais
- Secretarios/as (bilingües)
- Deseñadoras/es gráficas
- Informáticas/os
- Licenciadas/os en Dereito
- Técnicas/os en marketing
- Técnicas/os en calidade

Xestión Administrativa

- Técnicos/as en software
- Electrónicos/as
- Contables
- Telefonistas - recepcionistas
- Técnicas/os en control de calidade
- Consultoras/es RR.HH

Informática e Telecomunicacións

- Enxeñeiras/os técnicas/os telecomunicacións e informática
- Licenciadas/os en Física
- Analista programador
- Enxeñeiros/as técnicos superiores
- Instaladoras/es de antenas
- Comerciais

Comercio

- Xestoras/es de redes comerciais
- Licenciadas/os empresas / económicas
- Técnicas/os en merchandising
- Televendedores/as
- Dependentes/as
- Caixeiros/as

Turismo

- Especialistas en marketing turístico e hoteleiro
- Axentes de viaxes
- Azafatas/os de información

Hostalería

- Cocifneiros/as
- Camareiros/as
- Xestores/as de servicios

Servicios Sociais

- Auxiliares Xeriátricos
- Auxiliares axuda a domicilio
- Coidadores/as

Ocio e tempo libre

- Animadoras/es socioculturais
- Docentes manualidades
- Monitoras/es de tempo libre e deportivos

Sanidade

- Fisioterapeutas
- ATS
- Terapeutas ocupacionais
- Técnicas/os en saúde laboral
- Auxiliares de clínica
- Documentalistas sanitarios

Transportes

- Conductoras/es
- Licenciadas/os empresas / económicas
- Expertas/os loxística

Medio Ambiente

- Técnicas/os de tratamento, reciclaxe e control de residuos
- Educador/a medioambiental

3.3. O mercado laboral en Galicia

Dacordo cos datos da enquisa de poboación activa (EPA, IV trimestre 2007), Galicia presenta unha taxa de actividade do 54,21%, un 4,91 máis baixa cá española aínda que segue a mesma tendencia, sendo superior no caso dos homes, aínda que a diferenza é menor. Asemade a taxa de paro tamén foi un 1,13 máis baixa cá nacional sendo inferior tamén para o sexo masculino.

Táboa 6: Características da poboación de 16 anos en adiante por sexos, Galicia, IV trimestre do ano 2007 (unidades, porcentaxe)

	Total Valores absolutos	Mulleres	Homes	Porcentaxes
1. Poboación 16 anos e máis (1+2)	2.384,6	1.245,8	1.138,8	100%
1. Persoas activas	1.292,6	568,9	723,8	54,20%
■ Ocupadas	1.196,1	513,0	683,1	50,15%
■ Paradas	96,5	55,9	40,6	4,04%
2. Inactivas	1.092,0	676,9	415,1	45,79%

Fonte: Epa IV trimestre 2007

3. Tendencias do mercado laboral

Táboa 7: Taxas de actividade e paro por sexos, Galicia, IV trimestre do 2007 (porcentaxe)

	Total	Homes	Mulleres
Taxa de actividade	54,21	63,55	45,66
Taxa de paro	7,47	5,61	9,82

Fonte: Epa IV trimestre 2007

Segundo os datos de paro rexistrado o longo dos últimos tres anos a cidade de Vigo é a que presenta o maior número de persoas paradas, onde a maior porcentaxe son mulleres. Aínda que no ano 2007 presenta 3.525 paradas/os menos. Esta tendencia a baixa séguena o resto das cidades galegas con excepción de A Coruña na que se produce un incremento de 3.325 persoas paradas máis.

No ano 2005 en ambos sexos o maior número de persoas paradas en tódalas cidades, teñen idades comprendidas entre os vinte e cinco e os corenta e catro anos. No ano 2006 mantense a tendencia coa excepción de Santiago onde e maior o número de mulleres paradas que superen os 45 anos cas de idades inferiores. No ano 2007 sucede o mesmo nas cidades de Vigo, Ferrol e A coruña. No último ano en Santiago de Compostela volven predominar as paradas con idades comprendidas entre os vinte e cinco e os corenta e catro anos.


Táboa 8: Número de persoas paradas nas principais cidades galegas por sexos, Galicia, 2005, 2006, 2007 (unidades)

Decembro 2005							
Principais cidades galegas	Total	Homes / Idades			Mulleres / Idades		
		<25	25-44	>=45	<25	25-44	>=45
A Coruña	9.543	680	3.020	2.302	709	4.557	3.674
Santiago	6.566	347	1.372	837	427	2.408	1.175
Ferrol	6.152	328	1.037	656	428	2.037	1.066
Lugo	5.728	405	1.075	744	381	2.058	1.065
Ourense	7.927	488	1.326	1.067	524	2.597	1.925
Pontevedra	5.310	345	998	662	393	1.991	921
Vigo	21.977	1.235	4.166	2.835	1.260	6.946	5.535
Decembro 2006							
Principais cidades galegas	Total	Homes / Idades			Mulleres / Idades		
		<25	25-44	>=45	<25	25-44	>=45
A Coruña	13.798	605	2.568	2.172	581	4.231	3.641
Santiago	6.073	306	1.201	825	397	2.124	1.220
Ferrol	5.711	326	965	713	351	1.705	1.651
Lugo	5.183	355	929	686	366	1.735	1.112
Ourense	7.152	375	1.129	993	416	2.340	1.890
Pontevedra	7.677	245	871	599	280	1.737	945
Vigo	19.409	930	3.439	2.689	910	5.881	5.569
Decembro 2007							
Principais cidades galegas	Total	Homes / Idades			Mulleres / Idades		
		<25	25-44	>=45	<25	25-44	>=45
A Coruña	12.868	545	2.505	2.119	475	3.588	3.636
Santiago	5.572	245	1.085	764	332	1.897	1.249
Ferrol	5.491	301	926	677	287	1.648	1.651
Lugo	5.045	316	912	672	359	1.671	1.115
Ourense	6.848	358	1.078	932	419	2.113	1.948
Pontevedra	4.569	237	870	584	278	1.649	951
Vigo	18.452	903	3.454	2.669	738	5.130	5.558

Fonte: INEM Elabor. propia

Sectores con maior potencialidade de desenvolvemento en Galicia

1. Tecnoloxías da información e a comunicación
2. Sector agroalimentario
3. Ocio, actividades culturais e turismo
4. Ciencias da vida
5. Enerxía
6. Madeira
7. Automóbil
8. Têxtil
9. Medio ambiente



IDEA CLAVE

Na actualidade o mercado de traballo en Galicia está atravesando un período de lixeira expansión, con leves decrecementos na poboación activa pero con descensos considerables na poboación parada.

Segundo datos extraídos do Plan Aurora da Xunta de Galicia, nos últimos anos existe unha evolución foi positiva en relación a incorporación de mulleres e homes ao traballo. Así, mentres o aumento dos homes foi de 29.561 afiliados á seguridade social, o incremento de mulleres afiliadas foi de 42.832 máis. O aumento da afiliación fíxose nun 59,2% nas mulleres.

Se no ano 2002 o peso das mulleres afiliadas era do 40,2%, en 2007 acádase o mencionado 43,3%, 3,1 puntos máis, o que supón un incremento do seu peso do 7,8%.

Gráfica 1: Variación da afiliación a seguridade social por sexo, Galicia, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007(unidades)



Fonte: Plan Aurora. Xunta de Galicia, Febreiro 2008

3. Tendencias do mercado laboral

Táboa 9: Número de persoas afiliadas a seguridade social por grupo ocupacional segundo sexo, Galicia, 2007 (unidades, porcentaxe)

Grupo ocupacional	Homes	Mulleres	% Mulleres
Total	678.300	515.000	43,2%
1. Dirección das empresas e das Administracións Públicas	55.600	38.400	40,9%
2. Persoal técnico e profesionais científicas/os e intelectuais	62.800	79.500	55,9%
3. Técnicas/os e profesionais de apoio	80.300	59.500	42,6%
4. Empregadas/os de tipo administrativo	27.700	64.900	70,2%
5. Traballadoras/es de servizos de restauración, personais, protección e vendedoras/es de comercio	59.300	118.600	66,7%
6. Traballadoras/es cualificadas/os agricultura e pesca	45.000	37.900	45,8%
7. Artesáns/ás e traballadoras/es cualificadas/os das industrias manufactureras, a construción e a minería, agás operadoras/es de instalacións e maquinaria	191.600	18.300	8,7%
8. Operadoras/es de instalacións e maquinaria, e montadoras/es	89.100	24.200	21,4%
9 e 0. Traballadoras/es non cualificadas/os e forzas armadas	66.900	73.900	52,5

Fonte: EPA, 2007

Por contraposición, e segundo datos do Plan Aurora, en Galicia de media do ano 2007, hai un total de 95.880 mulleres inscritas como demandantes de emprego paradas e 54.666 homes. Isto significa que as mulleres representan o 63,7% de todo o paro rexistrado. Ademais, por cada cen homes de entre 16 e 64 anos, hai 6 parados; mentres que por cada cen mulleres, hai 10. Se combinamos as demandas de emprego coa afiliación, podemos afirmar que mentres de cada 10 persoas afiliadas 4 (4,3) son mulleres, de cada 10 parados, 6 son mulleres (6,4).

Tal e coma se reflexan na seguinte táboa, a taxa de persoas demandantes de emprego non ocupadas en decembro de 2007 ascende a 154.982 persoas, en xaneiro do 2008 a 161.162.

Táboa 10: Paro rexistrado por sexos, Galicia ano 27/xaneiro 2008 (unidades)

Meses	Paro rexistrado		
	Total	Mulleres	Homes
Xaneiro 07	163.583	103.133	60.450
Febreiro 07	160.904	102.037	58.867
Marzo 07	159.886	102.067	57.819
Abril 07	155.479	99.994	55.485
Maio 07	148.209	95.323	52.886
Xuño 07	139.998	92.347	50.809
Xullo 07	139.998	89.819	50.179
Agosto 07	140.299	89.452	50.847
Setembro 07	140.960	90.495	50.465
Outubro 07	146.371	93.268	53.103
Novembro 07	152.728	96.739	55.989
Decembro 07	154.982	95.892	59.090
Xaneiro 08	161.162	95.892	61.290

Fonte: www.ige.xunta.es/ga.

Entre as persoas paradas podemos resaltar dous sectores dentro dos cales se atopan:

1.- Persoas desempregadas menores de 25 anos que buscan dende o seu primeiro emprego relacionado ca súa titulación ata unha saída laboral por circunstancias persoais sen atender ó posto profesional.

Táboa 11: Paro rexistrado en menores de 25 anos por sexos, Galicia ano 2007/xaneiro 2008 (unidades)

Meses	Paro Rexistrado <de 25 años		
	Total	Homes	Mulleres
Xaneiro 07	17.687	7.928	9.759
Febreiro 07	17.302	7.705	9.597
Marzo 07	16.945	7.436	9.509
Abril 07	16.052	7.059	8.993
Maio 07	14.529	6.507	8.022
Xuño 07	14.390	6.595	7.795
Xullo 07	13.107	6.183	6.924
Agosto 07	13.100	6.130	6.970
Setembro 07	13.419	6.071	7.348
Outubro 07	14.614	6.661	7.953
Novembro 07	15.877	7.356	8.521
Decembro 07	15.855	7.666	8.189
Xaneiro 08	15.941	7.677	8.264

Fonte: www.ige.xunta.es/ga.

3. Tendencias do mercado laboral

2.- Persoas maiores de 25 anos que procuran un emprego estable, axustado a súa titulación ou estudos. Persoas que sobrepasan os 30-35 anos e que se atopan en situación de desemprego por diferentes motivos: por mellora laboral, por conciliar a vida familiar e laboral, polo peche da empresa na que traballaron durante anos, etc. Por outro lado comezase a atisbar un sector poboacional maior de 45 anos que, en algúns casos, con pouco tempo cotizado e en situación de desemprego por causas alleas a súa vontade.

Táboa 12: Paro rexistrado entre os de 25 e máis anos por sexos, Galicia ano 27/xaneiro 2008 (unidades)

Meses	Paro rexistrado 25 anos e máis anos		
	Total	Homes	Mulleres
Xaneiro 07	145.896	52.522	93.374
Febreiro 07	143.602	51.162	92.440
Marzo 07	142.941	50.383	92.558
Abril 07	139.427	48.426	91.001
Maio 07	133.680	46.379	87.301
Xuño 07	128.766	44.214	84.552
Xullo 07	126.891	43.996	82.895
Agosto 07	127.199	44.717	82.482
Setembro 07	127.541	44.394	83.147
Outubro 07	131.757	46.442	85.315
Novembro 07	136.851	48.633	88.218
Decembro 07	139.127	51.424	87.703
Xaneiro 08	145.221	53.613	91.608

Fonte: www.ige.xunta.es/ga.

Táboa 13: Paro rexistrado por sectores, Galicia ano 2007/xaneiro 2008 (unidades)

Meses	Paro rexistrado por sectores					
	Total	Agricultura/ Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
Xaneiro 07	163.583	5.007	25.414	16.899	92.389	23.874
Febreiro 07	160.904	4.896	25.108	16.326	90.788	23.786
Marzo 07	159.886	4.860	24.961	15.829	90.305	23.931
Abril 07	155.479	4.682	24.862	15.391	87.047	23.497
Maio 07	148.209	4.660	23.625	14.673	82.815	22.436
Xuño 07	143.156	4.377	22.664	14.069	79.327	22.719
Xullo 07	139.998	4.206	22.208	14.039	77.854	21.691
Agosto 07	140.299	4.324	22.275	14.437	77.951	21.312
Setembro 07	140.960	4.250	22.107	14.183	78.747	21.673
Outubro 07	146.371	4.523	22.914	14.569	82.167	22.198
Novembro 07	152.728	4.731	23.496	15.262	85.798	23.441
Decembro 07	154.982	4.995	24.488	16.925	85.494	23.080
Xaneiro 08	161.162	5.131	24.880	17.608	90.433	23.110

Fonte: www.ige.ue

3. Tendencias do mercado laboral

Neste último ano o paro rexistrado nos diferentes sectores empresariais, é superior no sector servizos, e inferior no primeiro sector. Neste último consegue atisbar unha evolución positiva a mediados de ano para volver en xaneiro deste ano a alcanzar valores aínda algo maiores que fai un ano.

No sector industrial o número de persoas paradas descende considerablemente ata outubro para despois sufrir un incremento aínda que non alcanza os valores de xaneiro do ano anterior.


A crise do sector no sector inmobiliario fai que a construción decreza. En Xaneiro do 2008 existen 709 persoas paradas máis que fai un ano. No sector servizos observase como os e as paradas son menos nos meses de verán que é cando se incrementa a actividade.

3.4. O mercado laboral en Santiago de Compostela

Nos últimos anos a taxa global de actividade (poboación activa e en idade de traballar) no Concello de Santiago de Compostela foi superior á media establecida na comunidade autónoma de Galicia. Dentro destes datos o grado de participación activa da muller no mercado de traballo supera a media galega, aínda que isto non consegue obter unha menor puntuación na taxa de desemprego.

Segundo os datos rexistrados no Concello de Santiago de Compostela dende o ano 2005, obsérvase un descenso do paro rexistrado. 473 persoas menos de media no ano 2007 que dous anos atrás.

Gráfico 2: Paro rexistrado por grupos de idade e sexo, Santiago de Compostela, 2005-2007 (unidades)



3. Tendencias do mercado laboral

Se observamos o desemprego dende os diferentes sectores de actividade podemos comprobar coma o sector da agricultura aínda que esta descendendo continúa cunha taxa media de demandantes, mentres que é o sector servizos o que alcanza a cota máis alta de persoas desempregadas no ano 2006.

Tanto a Industria como o Comercio, sector secundario, alcanzan medias de desemprego bastante igualitarias.

Táboa 13: Paro rexistrado por sectores, Santiago de Compostela, decembro 2005,2006, 2007 (unidades)

	Decembro 2005			Decembro 2006			Decembro 2007		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura / Gandería	44	14	58	35	18	53	40	17	57
Industria	X	329	X	207	314	521	X	X	X
Construción	459	47	533	420	44	521	379	54	485
Servizos	1535	2882	4417	1377	2678	4055	1235	2419	3654
Sen empr. ant.	314	738	1052	293	687	980	271	672	943
Total	2352	4010	X	2332	3741	6073	X	X	5572

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo.

Se facemos unha comparativa observase un descenso de persoas paradas no último mes do ano 2007 en parámetros xerais, sobre todo no sector servizos.

Táboa 14: Paro rexistrado por actividade económica (sección CNAE) e por sexo, Santiago de Compostela, xaneiro 2008 (unidades)

Nº persoas paradas				
		Mulleres	Homes	Total
A	Agricultura, Gandería, Caza e Silvicultura	17	33	50
B	Pesca	X	5	X
C	Industrias Extractivas	X	X	X
D	Industria Manufactureira	331	169	500
E	Produción e Distribución de Enerxía Eléctrica e Gas	X	0	X
F	Construción	50	394	444
G	Comerc., Reparac. Vehic. a Motor, Motocicl. e Art.Persoal	525	233	758
H	Hostalería	417	215	632
I	Transporte, Almacenamento e Comunicacions	69	77	146
J	Intermediación Financeira	19	12	31
K	Actividades Inmobiliarias e de Alquiler, Servizos Empresar.	775	469	1.244
L	Administr. Pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria	165	100	265
M	Educación	168	55	223
N	Actividades Sanitarias e Veterinarias, Servizos Sociais	182	33	215
O	Outras Activid. Sociais e de Serv. Prestados á Comunidade	248	108	356
P	Fogares que empregan Persoal Doméstico	23	X	X
Q	Organismos Extraterritoriais	X	X	X
X	Sen sección asociada	663	281	944
Total		X	X	X

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia.

3. Tendencias do mercado laboral

Se facemos unha pormenorización máis detallada por actividade no sector servizos observase como a crise inmobiliaria afectou ao emprego sendo a actividade que maior número de persoas desempregadas concentra en xaneiro. O extremo oposto está na actividade de intermediación financeira que presenta o menor número de desempregadas/os.

As diferenzas por sexos son salientables, na construción as mulleres só representan un 11,26% do total de persoas desempregadas dentro da actividade, sinal inequívoca de segregación ocupacional horizontal. Maioritariamente a relación é a inversa os homes representan o menor número de parados como podemos apreciar na táboa: o 24,66% en educación, o 30,33% noutras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, na hostalaría o 34,01%...

Táboa 15: Paro rexistrado por nivel académico e sexo, Santiago de Compostela, enero 2008 (unidades)

Nº persoas paradas			
	Mulleres	Homes	Total
Ata Certificado de Escolaridade*	812	634	1.446
Titulación Ensinanza Obrigatoria	806	536	1.342
Formación Profesional	543	262	805
B.U.P / Bacharelato Superior / C.O.U	501	394	895
Titulados Universitarios	990	362	1.352
Outras Titulacións	9	X	X
Total	3.661	X	X

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

Onde existe un menor número de paradas/os é entre as que teñen unha formación media sobre todo as que posúen estudos de formación profesional. Son as mulleres as que representan a maior parte das persoas paradas, neste resultado inflúe moito a formación diferencial que realiza cada un dos sexos. Esta diferenciación tamén se observa na formación universitaria onde en determinadas enxeñerías ou arquitectura seguen predominando a presenza dos homes, con maiores posibilidades de inserción, a diferenza doutras titulacións da rama social onde predominan mulleres cunha porcentaxe de inserción moi inferior.



IDEA CLAVE

As maiores posibilidades para insertarse actualmente están en oficios como: electricidade, mecánica, etc, onde os homes teñen unha representación casi do 100%, coa conseguinte maior posibilidade de inserción sociolaboral.

3. Tendencias do mercado laboral

Táboa 16: Paro rexistrado por nivel académico e idade, Santiago de Compostela, xaneiro 2008 (unidades)

	Nº persoas paradas										Total
	De 16 a 19	De 20 a 24	De 25 a 29	De 30 a 34	De 35 a 39	De 40 a 44	De 45 a 49	De 50 a 54	De 55 a 59	De 60 a 64	
Ata Certificado de Escolaridade*	43	70	63	58	76	94	150	264	339	289	1.446
Titulación Enseñanza Obligatoria	29	120	165	178	173	180	171	136	115	75	1.342
Formación Profesional	4	108	189	163	121	96	61	26	26	11	805
B.U.P / Bacharelato Superior / C.O.U	10	69	173	167	122	114	67	83	56	34	895
Titulados Universitarios	0	111	448	323	168	125	83	43	26	25	1.352
Outras Titulacións	0	0	4	5	X	0	0	X	0	0	X
Total	86	478	1.042	894	X	609	532	X	562	434	

* Inclúe certificado de escolaridade, primarios sen certificado e sen estudos

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

3. Tendencias do mercado laboral

A poboación parada con menor nivel formativo increméntase significativamente a partir do 45 anos. Entre as persoas que recibiron a ensinanza obrigatoria extrapólase que atopan máis dificultade para atopar traballo a partir dos vinte anos.

Con formación media ou superior o número de persoas paradas descende a partir dos 29. Alcanza o máximo nivel de paradas/os entre os 25 e os 29 anos.

Táboa 17: Paro rexistrado por tempo de busca de emprego e sexo, Santiago de Compostela, xaneiro 2008 (unidades)

	Nº PERSOAS PARADAS		
	Mulleres	Homes	Total
Menos de 6 meses	1.697	1.256	2.953
De 6 meses a 1 ano	506	313	819
Máis dun ano	1.458	621	2.079
Total	3.661	2.190	5.851

Instituto Galego das Cualificacións. Consellería de Traballo. Xunta de Galicia

Son os homes os que tardan menos tempo en atopar un emprego. O 62, 57% do total de persoas paradas en xaneiro son mulleres, a maior porcentaxe destas leva menos de seis meses buscando emprego e séguenlle as que levan máis dun ano. Destacar os seguintes datos de contraste un 21, 46% do total de paradas/os son homes que levan menos de seis meses sen atopar emprego, así mesmo un 24,91% do total de paradas/os son mulleres que levan máis dun ano rexistradas para atopar traballo.

Táboa 18: Tipo de contrato por sexos, Santiago de Compostela, enero 2008 (unidades)

	Tipo de contrato		
	Inicialmente indefinido	Inicialmente temporal	Conversión indefinido
Homes	195	2.560	143
Mulleres	123	2.648	120
Total	318	5.208	263

Fonte: Inem, elaboración propia

O mercado laboral en Santiago de Compostela en xaneiro de 2008 segue a ser inestable xa que o 89,96% dos contratos realizados foi temporal, sendo as mulleres as que levan a peor parte. Predominan con contratos temporais, representan non obstante un número inferior entre os indefinidos ou de conversión a estes.

3. Tendencias do mercado laboral

Táboa 19: Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo, Santiago de Compostela, xaneiro 2008 (unidades)

Dirección das empresas e das administracións públicas		21
1	Mulleres	9
	Homes	12
Persoal técnico e profesional científico e intelectual		1.190
2	Mulleres	60
	Homes	585
Persoal técnico e profesionais de apoio		1.234
3	Mulleres	529
	Homes	705
Empregadas/os de tipo administrativo		546
4	Mulleres	427
	Homes	119
Traballadoras/es dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras/es dos comercios		1.202
5	Mulleres	863
	Homes	339
Traballadoras/es cualificadas/os na agricultura e na pesca		34
6	Mulleres	15
	Homes	19
Artesáns/ás e traballadoras/es cualificadas/os das industrias manufacturais, a construción, e a minería, agás operadoras/es de instalacións e maquinaria		470
7	Mulleres	10
	Homes	460
Operadoras/es de instalación e maquinaria, e montadoras/es		197
8	Mulleres	10
	Homes	187
Traballadores/as non cualificados		895
9	Mulleres	423
	Homes	472
Total contratos		5.789
Total mulleres		2.891
Total homes		2.898

3. Tendencias do mercado laboral

Asociando os contratos aos grandes grupos de ocupación, os que maior número de persoas traballadoras aglutinan son o grupo de persoal técnico e profesionais de apoio onde os homes representan o 57,13%, xunto cos traballadoras/es dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras/es dos comercios, representado as mulleres o 71,79%, seguidos de preto polos técnicos/os e profesionais científicos e intelectuais.


3.5. Os novos xacementos de emprego

Os novos xacementos de emprego (NXE), tamén denominados filóns de ocupación, son o termo utilizado polo Libro Branco de Delors para descubrir aquelas actividades laborais que satisfán as novas necesidades sociais. Estas actividades son heteroxéneas, pero obrigatoriamente deben ter en común catro características:

- Cobren necesidades sociais insatisfeitas
- Configúranse en mercados incompletos
- Teñen un ámbito de produción ou prestación localmente definido
- Teñen un alto potencial na xeración de postos de traballo.

A Comisión Europea identifica 19 ámbitos de actividade ocupacional que se poden agrupar en catro grandes bloques:

- Os Servizos de vida cotián
- Os Servizos de mellora da calidade de vida
- Os servizos de ocio
- Os servizos medioambientais



IDEA CLAVE

Os NXE, non van a converterse automaticamente en postos de traballo estables e con óptimas condicións laborais, pero si que manterán un incremento progresivo nos próximos anos.

NOVOS XACEMENTOS DE EMPREGO

VIDA DIARIA

Ámbito de Desenvolvemento

Servizos a domicilio

Actividade Ocupacional

- Axudas burocráticas
- Produción e reparto de comidas a domicilio
- Reparto de mercadorías a domicilio
- Acompañamento de persoas de idade ó exterior
- Servicio de limpeza a domicilio
- Atención de persoas de idade

Ámbito de Desenvolvemento

Atención á infancia

Actividade Ocupacional

- Garderías
- Preescolar
- Garderías fora do horario escolar
- Atención durante enfermidades
- Actividades extraescolares deportivas
- Atención a nenos/as con problemas
- Colonias escolares e deportivas
- Garderías de empresa ou de colectivos de empresas

Ámbito de Desenvolvemento

Novas tecnoloxías da información e da comunicación

Actividade Ocupacional

- Apoio ós teleservizos
- Cohesión socioterritorial: acceso á información común
- Racionalización dos transportes públicos
- Axuda á circulación

Ámbito de Desenvolvemento

Axuda á mocidade con dificultades

Actividade Ocupacional

- Axuda extraescolar a escolares con dificultades
- Reinserción da delincuencia
- Reinserción da drogadicción
- Axuda ás persoas con minusvalía

SERVIZOS DE MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Ámbito de Desenvolvemento

Mellora de aloxamentos

Actividade Ocupacional

- Rehabilitación e reparacións de interiores de inmobles
- Rehabilitación do exterior de inmobles
- Mantemento e vixilancia de inmobles

Ámbito de Desenvolvemento

Seguridade

Actividade Ocupacional

- Vixilancia de lugares públicos

A persoas:

- Aplicacións telemáticas
- Telemedicina
- Multimedia ocio
- Multimedia educativa
- Comercio telemático
- Reserva teleservicio
- Acceso á información (internet)
- Vixilancia domicilio
- Información telemática local
- Teletraballo

A empresas:

- Formación permanente
- Acceso a información empresarial especializada
- Técnicas de produción
- Adaptación ás fluctuacións do mercado
- Ampliación de mercados
- Servicios administrativos
- Edición asistida por ordenador
- Software especializado
- Teleservizos
- Vixilancia a empresas

3. Tendencias do mercado laboral

Ó sector público:

Teleadministración
 Apoio ó teletraballo
 Vixilancia en transportes colectivos
 Instalacións de seguridade en domicilios
 Instalacións de seguridade en empresas
 Instalacións de seguridade en lugares públicos
 Televixiancia

Ámbito de Desenvolvemento

Transportes colectivos locais

Actividade Ocupacional

Mellora do confor técnico dos transportes públicos
 Mellora do acceso das persoas con discapacidade ós transportes públicos
 Creación de novas formas de organización do transporte colectivo urbano (empresas multiservicios, abastecementos, mantemento de vehículos, asociacións locais entre bus e taxi)
 Acompañamento a persoas con dificultades
 Seguridade
 Información (acollida, consello, turismo, ...)
 Vixilancia de vehículos
 Microtransportes especializados por temática ou zonalmente.

Ámbito de Desenvolvemento

Revalorización de espazos urbanos

Actividade Ocupacional

Redefinición polifuncional dos espazos fortemente funcionais cara a convivencialidade
 Remodelación e rehabilitación
 Actuacións con elevados compoñentes de empregos especializados que permiten manter oficios e a recalificación
 Mantemento dos espazos públicos

Ámbito de Desenvolvemento

Comercio de proximidade

Actividade Ocupacional

Na zona rural: adaptación ós cambios na composición da poboación (permanente ou flotante)
 Nas zonas urbanas periféricas: introducción do comercio de proximidade como forma de revalorización e de adaptación ás novas formas de vida (traballo das mulleres, avellentado da poboación)

Ámbito de Desenvolvemento

Xestión da enerxía

Actividade Ocupacional

Aforro enerxético nos edificios e vivendas
 Asesoramento ó aforro enerxético das familias
 Utilización de novas fontes de enerxía

SERVIZOS DE OCIO

Ámbito de Desenvolvemento

Turismo

Actividade Ocupacional

Turismo rural

- Turismo cultural
- Turismo de aventura
- Turismo especializado (rutas, circuitos)
- Organización de actividades e acontecementos
- Turismo de terceira idade

Ámbito de Desenvolvemento

Audiovisual

Actividade Ocupacional

- Producción de películas
- Distribución de películas
- Producción de emisións de TV
- Difusión de producións de TV
- Televisión interactiva (acceso a distancia a museos, bibliotecas, ...)
- Producción de vídeo - multimedia comerciais (p.e. presentación de empresas, institucións, produtos)

Ámbito de Desenvolvemento

Valorización do patrimonio cultural

Actividade Ocupacional

- Restauración (demanda de artesás/ns cualificadas/os)
- Creación de centros culturais (artistas, conservadoras/es, ...)
- Difusión da cultura
- Oferta cotiá e mantemento

Ámbito de Desenvolvemento

Desenvolvemento cultura local

Actividade Ocupacional

- Potenciación da cultura popular
(vinculación entre revalorización, mantemento, transmisión, difusión conservación)
(papel local e vinculación con turismo cultural e expansión multimedia dos proxectos culturais)

Ámbito de Desenvolvemento

Deporte

Actividade Ocupacional

- Xestión de clubs deportivos
- Inserción polo deporte
- Educación deportiva e deporte para a saúde
- Deporte profesional e de espectáculo

SERVIZOS MEDIOAMBIENTAIS

Ámbito de Desenvolvemento

Xestión de residuos

Actividade Ocupacional

- Recollida e tratamento selectivo de residuos
- Recuperación e comercialización dos materiais selectivos

Ámbito de Desenvolvemento

Xestión da auga

Actividade Ocupacional

- Protección das fontes
- Limpeza e mantemento dos cursos fluviais

3. Tendencias do mercado laboral

- Saneamento das concas
- Protección contra as augas contaminadas
- Xestión de infraestruturas
- Educación pública no uso da auga: cidadás/ns e empresas
- A auga como elemento de ocio

Ámbito de Desenvolvemento

Protección e mantemento de zonas naturais

Actividade Ocupacional

- Controlar a degradación
- Programas de parques naturais, reservas, programas de reforestación ou de reconstitución de terreos
- Protección de espaciao "salvaxe"
- Protección de espaciaos de acollida

Ámbito de Desenvolvemento

Regulamentación e control da polución e as instalacións correspondentes

Actividade Ocupacional

- Aportación de bens e servicios ligados a tecnoloxías menos contaminantes
- Exportación de tecnoloxía de proceso
- Tecnoloxía de economización de enerxía
- Sensibilización respecto ó control da polución e o aforro enerxético: entre cidadanía e empresas.

Competencias valoradas no mercado laboral para unha mellor adecuación ó posto

DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- Coñecemento e Confianza en si mesmo/a
- Creatividade
- Capacidade de expresión
- Tolerancia á frustración
- Capacidade de decisión

APRENDIZAXE E TRABALLO

- Vontade de aprender
- Emprendedor/a
- Dominio técnicas de aprendizaxe
- Pensamento lóxico
- Capacidade de abstracción
- Intuitivo/a
- Capacidade de planificación
- Visión de conxunto

COMPETENCIA TÉCNICA

- Sistemático/a
- Identificación co traballo
- Responsabilidade
- Optimización dos procesos

- Previsión
- Flexibilidade nas decisións
- Propositivo/a

COMPETENCIA SOCIAL

- Traballo en equipo
- Capacidade crítica
- Iniciativa
- Autonomía
- Implicación co entorno
- Capacidade de cooperación

Cualidades máis desexadas nas persoas con formación universitaria

- 1. Sólida Formación:** imprescindible un idioma estranxeiro, preferentemente inglés. Bo expediente académico
- 2. Con coñecementos de informática**
- 3. Mobilidade xeográfica e flexibilidade horaria**
- 4. Ambición:** Amosar sentir un estímulo constante por facer as cousas cada vez mellor.
- 5. Habilidades sociais:** Empatía, confianza e don de xentes
- 6. Coñecer, aceptar e compartir a cultura da empresa;** o seu código de valores
- 7. Autonomía e iniciativa;** creativo/a, que reaccione positivamente diante da incerteza.
- 8. Capacidade de aprendizaxe.** Ser polivalente e multifuncional. Ser "todo terreo".
- 9. Facilitade de adaptación ós cambios**
- 10. Convicción,** amosar actitude de confianza nun/ha mesmo/a, capacidade para transmitir a confianza na empresa e os seus produtos.

4. A Busca Activa de Emprego

Partindo da definición do teu proxecto profesional (¿Que podo e debo facer?), sempre debes realizar unha busca activa de emprego, organízate (plantexate un abanico de opcións laborais suficientemente amplo) e define o tempo que vas a inverter para conseguir un emprego.

Para comezar esta busca activa de emprego temos que optar entre dous tipos de busca:

- A busca de emprego por conta propia
- A busca de emprego por conta allea

4.1. A busca de emprego por conta propia

Ainda que nesta guía non afondaremos en profundidade nesta modalidade, xa que o seu obxecto fundamental e amosarte as ferramentas e estratexias para unha busca activa de emprego por conta allea, a continuación recollense algúns datos sobre esta modalidade e información que pode ser do teu interese.

A busca de emprego por conta propia, a que denominamos autoemprego, constitúe unha saída profesional que consiste na posta en marcha dunha iniciativa empresarial que require dunha idea de empresa, e dunha mentalidade emprendedora.


Neste sentido, é importante detectar e definir o perfil dunha persoa emprendedora. Entre outras características, ten que ter: confianza en sí mesma, constancia, capacidade de asumir riscos, flexibilidade e adaptabilidade ós contínuos cambios e uns coñecementos mínimos dos produtos ou servizos do mercado.

Ademáis, ten que coñecer como prestar o servizo ou fabricar o produto, facer unha selección de persoal axeitada ás súas necesidades de negocio, contar co diñeiro suficiente (propio, subvencións, axudas), é determinar a forma xurídica da súa empresa. A reflexión debe guiar a nosa acción de creación de empresa debendo escapar de actos impulsivos.




María, busca emprego por conta propia

PERSOA EMPRENDEDORA



Plan de Empresa →





IDEA CLAVE

A idea empresarial e todas aquelas cuestións relativas ó negocio debén plasmarse no que denominamos Plan de empresa.

4. A busca activa de emprego

LEMBRA

Existen organismos asesores de axudas para a realización do Plan de Empresa e asesoramento para a solicitude de subvencións e axudas.

CONTIDO TIPO DO PLAN DE EMPRESA

- Proxecto empresarial
- A persoa emprendedora (datos)
- Orixe e contía dos fondos
- A estrutura da propiedade e do capital da empresa
- O mercado
- A comercialización do produto ou servizo
- O proceso de produción e de prestación do servizo
- A localización da empresa
- Recursos Humanos
- Plano Económico- Financeiro
- Os aspectos formais do proxecto (forma xurídica, logo...)
- A innovación
- Planificación temporal da posta en marcha (Cronograma)
- A incorporación da Igualdade entre mulleres e homes. Plan de Igualdade da empresa

Os organismos asesores para a busca de emprego por conta propia teñen como principais obxectivos contribuir ó desenvolvemento local mediante o asesoramento a empresas e a detección das necesidades do mercado laboral, ademais de impulsar e coordinar o fomento do autoemprego xunto coas distintas administracións e axentes económicos, xerar unha oferta de servizos para o autoemprego e crear unha cultura emprendedora .

Entre as actuacións levadas a cabo por estes organismos destacan o asesoramento personalizado a aquelas persoas con unha idea concreta do negocio, a través da realización dun estudo de viabilidade do seu proxecto, prestando axuda na realización das xestións iniciais e/ou ofertando a formación empresarial necesaria para poñelo en marcha.



Onde acudir?

Podes acudir a calquera das 51 Oficinas de Emprego da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, a través das que se realiza un asesoramento personalizado.

Ademais, dentro do teu propio Concello, podes acceder ás/ós técnicas/os locais de emprego, que dependen da Consellería de Traballo e realizan accións relacionadas coa dinamización e xeración de novas actividades no medio rural con repercusión no emprego e na creación de alternativas de ocupación laboral. Concretamente as funcións deste persoal técnico en relación á inserción laboral por conta propia serían as seguintes:

- 1.** Prospección dos recursos ociosos ou infrutilizados, de iniciativas locais de emprego, de proxectos de acción rural e outros proxectos empresariais.
- 2.** Difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividade entre persoas desempregadas, promotores/as, emprendedoras/es e institucións colaboradoras.

3. Acompañamento técnico na na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos.

LEMBRA 

A oficina de Promoción Económica e Emprego do Concello de Santiago de Compostela, pon a túa disposición un Servicio de Asesoramento para a creación de empresas, no que tamén se te facilitará información sobre todos os recursos existentes para facilitar a concreción do teu proxecto empresarial. Para máis información:

OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Estadio de San Lázaro, Porta 9

Avda. Fernando Casas Novoa, 20

15890 Santiago de Compostela

Tfno:981 542493.

web: www.compostelactiva.org

mail: promocioneconomica@santiagodecompostela.org

Outros organismos ós que acudir para a busca de emprego por conta propia son:

BIC-GALICIA

Un centro a prol da innovación empresarial, co obxectivo de promover a creación, promoción, preparación e desenvolvemento de empresas independentes e innovadoras dentro de Galicia. Nel poderán responderte á pregunta: que podo facer para crear a miña propia empresa? Elaborando un estudo de avaliación da túa idea, e tamén é posible facer o Plano de Empresa.

Para máis información:

C.E.E.I. GALICIA S.A. (BIC GALICIA)

San Lázaro s/n Edificio IGAPE - Santiago de Compostela

Tfno:981 546823

Fax:981 546819

web: www.bicgalicia.es

mail: bicgalicia@bicgalicia.es

**SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE (SGI)
PROGAMA DE ASESORAMENTO INTEGRAL A MULLERES EMPRENDE-
DORAS. ASIME.**

É un programa gratuito onde persoal especializado ofrece información e asesoramento ás mulleres que o demanden en temas de autoemprego, de constitución de sociedades, creación de empresas. Isto complementábase cun servizo de información xeral on-line sobre subvencións de organismos oficiais, cursos de formación, feiras, congresos, etc. Para máis información:

4. A busca activa de emprego

SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE
Pza. de Europa, 15A, 2º
Area Central - 15707 Santiago de Compostela
Tfnos:981 545366
900 400 273
Fax:981 545365
web: <http://sgi.xunta.es>
mail: sgpihm@xunta.es

UNIÓN DE PROFESIONAIS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS DE GALICIA (UPTA GALICIA)

Rúa Monaco, 1 Local 2 -1 - 15703 Santiago de Compostela
Tfno:981 552385
Fax: 981554125
web: www.uptagalicia.org
mail: info@uptagalicia.org

CAMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO

PROGRAMA DE APOIO EMPRESARIAL AS MULLERES (PAEM)

Ten como obxectivo sensibilizar as mulleres cara o autoemprego e a actividade empresarial e pretende ser un instrumento eficaz para a creación e consolidación de empresas.

SERVIZO DE CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE EMPRESAS Servizo de Información relacionada ca posta en marcha dun proxecto empresarial, orientado e asesorando ás persoas emprendedoras en diversas materias.

Para máis información:

CAMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO
San Pedro de Mezonzo, 44 Baixo - 15701 Santiago de Compostela
Tfno:981 596800
Fax: 981 590322
web: www.camaracompostela.com
mail: información@camaracompostela.com

Entre as entidades ou organismos ós que poderás acudir para solicitar subvencións ou axudas económicas destacan os seguintes:



.....

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Pretende favorecer a aparición de novas persoas emprendedoras e a creación de novas iniciativas empresariais que teñan un interese estratéxico polo seu impacto económico.

Os servizos que ofrece son:

"Servizos de consultoría e asesoramento para a formación e a elaboración de plans de empresa .

"Apoio á implantación. Servizos de titoría e concesión de subvencións sobre os investimentos e gastos de posta en marcha do proxecto. Préstamos directos do Igape para aqueles proxectos que presenten riscos de implantación superiores ós habituais.

"Apoio na difusión da cultura emprendedora directamente a través do Igape ou en colaboración con organismos intermedios.

Para máis información:

CITA PREVIA
902 300 903
981 541 147

.....

Consellería de Traballo

Para máis información:

Complexo Administrativo San Lázaro, s/n 15703 Santiago de Compostela
Tfno: 981 543699-981546967
Fax: 981 543636
web: <http://traballo.xunta.es>
mail: web.traballo@xunta.es

.....

XES GALICIA

Para máis información:

San Lazaro s/n (Edif. Igape) - 15703 Santiago de Compostela
Tfno: 981558844
web: www.xesgalicia.com
mail: xesgalicia@xesgalicia.org

.....

4. A busca activa de emprego

Universidade de Santiago de Compostela (USC). UNIEMPRENDE: UNINOVA E UNIRISCO

UNIEMPRENDE é o plan para a creación de empresas da Universidade de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é incrementar a vocación empresarial entre universitarias e universitarios, prestando especial atención a aqueles proxectos de investigación científico-tecnolóxico que nacen na USC .

Uniemprende articula o apoio a iniciativas emprendedoras a través do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía (CITT).

Teléfono de información e asesoramento:

900 100 981

web: www.uniemprede.com

mail: uniemprede@usc.es

UNIEMPRENDE tamén ten como referentes dúas sociedades mixtas:

UNINOVA

Constitue unha incubadora de empresas. O seu fin é estudar as citadas ideas empresariais e de promover a creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica. Ademais de acoller fisicamente ás empresas, préstalles asesoramento e colaboración constante durante a súa posta en marcha.

Edificio Uninova - Módulo 5

Vía La Cierva, s/n - Polígono Industrial do Tambre - 15890 Santiago de Compostela

Tfno: 981 519620

Fax: 981 557707

web: www.uninova.org

mail: emprender@uninova.org

UNIRISCO

É unha sociedade de capital risco, investimentos con elevada marxe de risco, a hora de financiar o desenvolvemento do ciclo de creación de empresa.

Tfno: 981 563100 - Ext. 16082

Fax: 981 547077

www.unirisco.com

mail: unirisco@usc.es

COGAMI

Modesto Brocas, 7, bloque 3 - 15704 Santiago

Tfno: 981574698

Fax: 981574670

web: www.cogami.es

mail: correo@cogami.es

.....

Centro de Servizos Empresariais de Galicia. Confederación de empresarios de Galicia. (CEG).

O servizo de asesoría xurídica da Confederación de empresarios presta asistencia a persoas emprendedoras que queiran iniciar unha actividade empresarial. O asesoramento a creación de empresas consiste na tutoría de calquera idea ou proxecto que poida converterse en negocio, asesorando ao/á emprendedor/a nos seguintes campos: estudo de viabilidade, determinación da forma xurídica máis axeitada, trámites de constitución, análise financeiro, axuda públicas....

Rúa do Vilar, 54 - 15705 Santiago de Compostela
Tfno:981 555888
Fax:981 555882
mail: info@ceg.es
web: www: ceg.es

.....

PLATAFORMA POLO EMPREGO

Ruá Concheiros, 33 - 15703 Santiago de Compostela
Tfno: 981580506
Fax: 981580506
mail: plataformaemprego@yahoo.es

.....

ENTIDADES BANCARIAS MICROCRÉDITOS

Caixa Galicia
Caixa Nova


.....

4.2. A busca de emprego por conta allea

Se tes claro que o teu perfil profesional é o de unha persoa traballadora por conta allea, entón á busca dese tipo de actividade require do coñecemento do mercado laboral no que te vas a insertar.

A busca na Administración pública como saída laboral

As diferentes administracións públicas-comunitaria, estatal, autonómica e local- realizan constantemente diferentes ofertas de emprego público que se poden coñecer consultando os seguintes recursos:



4. A busca activa de emprego

- Para os organismos da UE, no Diario Oficial das Comunidades Europeas (DOCE)
- Para a Administración do Estado, no Diario Oficial do Estado (BOE)
- Para a Administración Autonómica, no Diario Oficial da Comunidade Autónoma.
- Para as Deputacións Provinciais e Concellos no Boletín da Provincia e en extractos no BOE.

O Ministerio para las Administraciones Públicas edita unha publicación sobre as diferentes convocatorias de emprego público das administracións públicas, a nivel internacional, comunitario, estatal, autonómico e local. Pódese acceder a esta información no seguinte enderezo:

<http://www.inscal.map.es/BASIS/ofepbas/oferta/conorgt/SF>

Os modelos de instancia 790 de solicitude de admisión de probas selectivas e liquidación de taxas de dereitos de examen poden conseguirse a través das seguintes páxinas web:

<http://www.igsap.map.es/cia/oferta/oferta.htm>

<http://www.map.es/seap/dgfp/proselec/M790.htm>

Outras fontes de información son:

- As oficinas de información: da comisión das comunidades europeas, de información xuvenil.
- O Centro de información administrativa do Ministerio de Administracións Públicas (MAP)
- As Delegacións do Goberno ou Subdelegacións
- Sindicatos, Organizacións empresariais e Colexios profesionais
- Consellerías
- Técnicas/os locais de emprego
- Taboleiros de anuncios dos distintos departamentos
- Anuncios e convocatorias en prensa
- Academias e centros de preparación de oposicións
- Entidades de mediación laboral: oficinas de emprego...

O acceso ás prazas convocadas dende as Administracións Públicas pode realizarse mediante diferentes procesos:

Por oposición: Onde, por norma xeral, o criterio para outorgar prazas réxese polas puntuacións obtidas nas probas ou exames.

Concurso de méritos: As bases da convocatoria establecen cal é o baremo para valorar os diferentes méritos que se consideran validos.

Concurso - oposición: É unha mestura das dúas anteriores; obtense unha puntuación pola valoración dos méritos e se lle engade a puntuación obtida nas probas da oposición.

A formación requirida e o tipo habitual de probas, dependendo do nivel do posto, represéntase a continuación:

NIVEL	TITULACIÓN	PROBAS
Técnica/o Superior (A)	Licenciatura universitaria	<ul style="list-style-type: none"> • Test psicotécnico • Temas • Suposto práctico
Técnica/o xestión (B)	Diplomatura universitaria ou equivalente	<ul style="list-style-type: none"> • Test psicotécnico • Temas • Suposto práctico
Administrativa/o (C)	ESO / Ciclos superiores F.P. equivalente (BUP, FP2, ...)	<ul style="list-style-type: none"> • Test psicotécnico • Temas / suposto práctico
Auxiliar administrativa/o (D)	ESO / Ciclos medios F.P. ou equivalente	<ul style="list-style-type: none"> • Test psicotécnico • Temas • Mecanografía
Subalternas/os (E)	Educación Primaria ou equivalente	<ul style="list-style-type: none"> • Proba escrita / temas • Proba práctica

A decisión de opositar e a súa preparación

A decisión de opositar obriga a considerar múltiples factores (estudios realizados, vocación, situación do mercado de traballo, situación económica...) e responder coherentemente a preguntas esenciais, como:

(insertar a ilustración de Pablo, con un pé de imaxe no que poña: Pablo, prepara oposicións)

¿Cumpro os requisitos?

¿Teño tempo e motivación para prepara a oposición?

¿Cal é a proporción entre prazas convocadas e persoas que se presentan?

¿Serve o temario para o meu futuro profesional, no suposto de non superar a oposición?

¿Ten o temario partes comúns con outros temarios doutras oposicións?

¿Podería compatibilizar o estudio da oposición con outro tipo de busca de emprego?



Pablo, prepara oposicións

A persoa que decide opositar debe reunir obrigatoriamente uns requisitos legais, que veñen reflexados nas bases da convocatoria. Os principais son:

- Ser maior de idade
- Ser español/a ou cidadán da UE
- Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño do posto de traballo
- Ter a titulación requirida para o posto
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario das Administracións Públicas nin estar inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas

4. A busca activa de emprego

Cumprir os trámites específicos esixidos na convocatoria correspondente é fundamental para poder participar nunha oposición, entre os que ten especial relevancia a presentación da documentación necesaria debidamente cumprimentada, respetando os prazos establecidos, perdéndose en caso contrario o dereito a participar.

Na preparación dunha oposición pódense establecer diferentes pasos:



1. Programación
2. Tempo
3. Actitude psicolóxica da persoa opositora
4. Estratexias para optimizar o estudo
5. Realización das probas. Pautas

1. Programación

O obxectivo da programación é exercer un control sobre os temas estudados coa finalidade de saber, en cada momento, si se están cumprindo os obxectivos previstos ou se pola contra se necesita readaptalos para cumprir o Plan de traballo.

O PLAN DE TRABALLO

Características	Vantaxes
<p>Realista. É preciso deixar tempo para o ocio e tamén para as eventualidades da vida cotián.</p> <p>Revisable. Un plan a longo prazo é difícil que non presente desaxustes. O plano debe revisarse cada mes para comprobar a súa marcha.</p> <p>Personalizado. Ninguén coñece mellor as circunstancias persoais, ambientais, e o tempo preciso para o estudo, que a propia persoa opositora.</p> <p>Por escrito. Tes que ter un reflexo obxectivo, por escrito.</p> <p>Equilibrado. Asumir as tarefas do estudo e contar co tempo adecuado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Fortalece e asenta os hábitos de estudo e de traballo intelectual. - Facilita a práctica dun control eficaz sobre a dinámica de preparación da oposición. - Posibilita o facer a tempo unha readaptación dos Plans iniciais. - A constatación do cumprimento de obxectivos do plano aporta forza e motivación. - Racionaliza o tempo dedicado ó ocio e ó estudo.


2. Tempo

Preparar unha oposición con garantías de éxito esixe, ademais da realización dun Plano de traballo, de tempo. Asumir un horario fixo, similar ó dunha persoa traballadora e ocupar durante o tempo de preparación un lugar prioritario da nosa vida cotián cos medios e apoios adecuados.

3. Actitude psicolóxica da persoa opositora

Máis que noutros ámbitos ou actividades, na preparación dunha oposición traballase con moitas incertezas. Por iso e preciso adoptar unha actitude psicolóxica positiva, vendo a oposición como unha ponte que nos conducirá á meta desexada.

Duas persoas, de capacidades similares, poden alcanzar resultados moi diferentes, segundo a actitude, positiva ou negativa de afrontar o estudo. A motivación, a autoconfianza e a persistencia fan aumentar considerablemente o noso rendemento.



4. A busca activa de emprego

Un aspecto fundamental é ter unha clara motivación para o logro, convertíndose nunha forza que active e dirixa o noso comportamento.

Debes posuír unha forte motivación, pero non excesiva. Unha motivación elevada esperata o desexo de aprender, pero pola contra, unha motivación excesiva, con base na expectativa de grandes premios ou castigos, conduce á ansiedade, ó medo, e ó fracaso.

Cando esto se produza, é dicir, diante de calquera dificultade ou pequeno fracaso, a actitude que adoptan as persoas opositoras con autoconfianza é a de levantar a cabeza e non desesperar.

A autoconfianza é unha actitude psicolóxica saudable que fai aumentar o interese polo estudo e diminuír as angustias e tensións propias dos momentos difíciles. A autoconfianza require: crer en nos mesmas/os, disciplinarnos e asumir as actitudes que desexamos.

Cando se opta por opositar, requírese ter unha fonda vontade e coraxe para non ceder diante das primeiras dificultades ou momentos de desanimo, que nos poderían levar a desistir antes de tempo.



4. Estratexias para optimizalo estudo

- Axeitar e optimizar os hábitos de estudo.
- Traballar con técnicas de estudo:
 - Técnicas de lectura
 - Mapas conceptuais
 - Técnicas subliñado, resumes...
- Potenciar no posible as aprendizaxes significativas, buscando a funcionalidade dos aprendizaxes.
- Adestrarse para os exames: Resolver probas antigas


5. Realización das probas. Pautas

- Preséntate co material necesario
- Le totalmente os enunciados. Percibe o sentido das preguntas
- Distribúe o tempo
- Comeza polo máis doado
- Non escribas cousas incertas
- Coida as opinións persoais. Evita as controversias.
- Coida a caligrafía.

A busca na empresa privada como saída laboral

A busca de emprego na empresa privada constitúe unha das opcións con maiores posibilidades, por iso será o aspecto no que máis nos deteñamos no resto da Guía.

Cando unha empresa necesita incorporar novo persoal pon en marcha un proceso de captación e selección, que segundo o seu tamaño, o posto a cubrir ou a súa filosofía, será máis ou menos sofisticado, con mais ou menos probas. A intención é valorar as



Carme busca emprego na empresa privada

condicións persoais e profesionais das persoas candidatas para asegurarse de escoller á máis adecuada e evitar correr o risco de introducir na empresa a unha persoa pouco indicada para o posto e obrigue a iniciar novamente todo o proceso, cos trastornos do ritmo de traballo e perdas de tempo e eficacia.

As empresas privadas utilizan, basicamente, dúas vías para cubrir as súas necesidades de persoal, estas son:

Vía interna: busca persoal dentro da propia organización empresarial.

Vía externa: busca persoal fora da empresa, a través das oficinas de emprego, empresas de traballo temporal, Consultoras de RR.HH, recomendacións, curriculum enviados, outras empresas...

Son moitas as canles a través das que podes obter datos e información interesante que te permitirá participar en procesos de selección de persoal dentro da empresa privada.

Fases dos procesos de selección de persoal

ACTIVIDADE

1. Análise e descrición do posto

DESCRICIÓN

Identifícanse os contidos de cada posto, o perfil e requirimentos idóneos. Decídense as probas a realizar para determinar os coñecementos e habilidades precisas.

RESPONSABLE (S)

As persoas encargadas da area afectada e o departamento de persoal.

ACTIVIDADE

2. Recrutamento e captación

DESCRICIÓN

O obxectivo é atraer candidatas/os, entre as/os cales se seleccionarán a futuras/os empregadas/os, as fontes externas máis utilizadas son: anuncios de prensa, colexios profesionais, asociacións e centros educativos, empresas de selección de persoal, candidaturas recomendados por membros da empresa, servizos públicos de emprego... Realízase unha primeira análise das persoas candidatas en función dos requisitos establecidos. Obtense un listado de persoas preseleccionadas.

RESPONSABLE (S)

Departamento de persoal

ACTIVIDADE

3. Selección

DESCRICIÓN

Ten por obxecto avaliar as características persoais e profesionais das persoas candidatas, para escoller entre elas as que máis se adaptan. Consta basicamente de dúas fases: probas e entrevistas.

4. A busca activa de emprego

RESPONSABLE (S)

Responsables da area afectada e Departamento de Persoal.

Probas:

1997 Curso de Técnicas Informáticas de Xestión. INEM. Santiago

1998 Curso de Contabilidade Informática
Academia Alfa. Santiago

EXPERIENCIA

Empresa: **Construccións Copete S.L.**
Tipo de negocio Construcción de vivendas
Posto: Auxiliar Administrativo
Período 01/06/98 a 30/12/99

Empresa: **FERROSAN, S.L.**
Tipo de negocio Distribución material construcción
Posto: Auxiliar Administrativo
Período: 01/03/00 a 30/06/01

Empresa: **Consellería de Sanidade**
Tipo de empresa: Administración Pública
Posto: Auxiliar Administrativo
Período: 01/07/01 a 30/06/02

Outras actividades

Directiva do Club de baloncesto "Atlético de Sar"
Membro da A.P.A. de San Andrés

Pechado en Santiago, 15 de xaneiro de 2003

5. Instrumentos para a busca activa de emprego

CURRICULUM VITAE CRONOLÓXICO

Pedro Castro Pereira

R/ Solpor, 29 - 3º

36000 A Coruña

Tlf.: (981)- 10.00.01

FORMACIÓN

Formación Regrada

(1993 -1995) Licenciado en Ciencias Económicas
Universidade de Santiago

Formación non regrada

(1995-1996) Master en Asesoría Fiscal- Tributación
Centro de Estudios Caixavigo. Vigo

1997 Curso de Relacións Laborais
Dirección Xeral de Relacións Laborais.
Xunta de Galicia

EXPERIENCIA PROFESIONAL

1998 - 2002 **ARIAS &COMPANY** Coruña
Adxunto ó Supervisor
Realización e supervisión de auditorías

(1997 1998) **CONSUGALI, S.A.** Coruña
Asesor Financeiro. Atención e Asesoramento a empresas
sobre Xestión Tributaria e Laboral

IDIOMAS

Inglés: Superior en conversación, en traducción e escritura
Francés Nivel elemental

INFORMÁTICA

Dominio e uso habitual de windows, ofice, contaplus, contawin, contalogic, pro-
jet, internet.

Pechado en Santiago, 15 de xaneiro de 2003

CURRICULUM VITAE CRONOLÓXICO

SEGUNDO MARTIN SUAREZ

R/ Oceanía, 49
15029 Santiago
Tlf.: (981)- 52 99 99

EXPERIENCIA PROFESIONAL

(1997 ata a data)	Construccións Miramar S.L. Santiago Albanel
(1995-1996)	Construccións Cadarso. Santiago
1996	Peón especialista
1995	Peón

FORMACIÓN

1993	Graduado Escolar. Colexio Público "Monte dos Postes". Santiago
1994	Curso de Albanelería. Concello de Santiago
1995	Curso de Encofrador. Concello de Santiago

OUTROS DATOS

Carné de conducir
Mobilidade funcional e xeográfica

Pechado en Santiago, 20 de outubro de 2002

5. Instrumentos para a busca activa de emprego

CURRICULUM VITAE CRONOLÓXICO

MARTIN DOSIL CARMONA

Av. do Emigrante, 42
36004 Cotobade
Tif.: (986)- 70.40.38

OBXECTIVO PROFESIONAL: ASERRADOR

FORMACIÓN

(1997 - 1999) Técnico Superior en Madeira
Instituto Politécnico de Santiago

1999 Curso de Ebanistería. INEM
Pontevedra

EXPERIENCIA LABORAL

(2000-2001) Mobles Garcia. Pontevedra
Carpinteiro
-Manipulación maquinaria carpintería
-Montaxe, vernizado e lacado de mobles

(2001 ata a data) Madeiras Monteler S.A. Porriño
Axudante aserrador
-Controlar alimentación da serra múltiple
-Axudar a carga-la tronza no carro
-Alimentación desdoblada, canteadora
e retestadora

OUTRAS HABILIDADES

-Manexo de serras múltiples, de carro e informatizadas
-Manexo de desdobladoras, canteadorase e retestadoras

Pechado en Cotobade, 30 de outubro de 2002

CURRICULUM VITAE FUNCIONAL

(Plantilla)

DATOS PERSOAIS

- Nome e apelidos
- Enderezo
- Código postal. Localidade
- Nº de teléfono

OBXECTIVO PROFESIONAL

(Indica o nome do posto de traballo que solicites)

HABILIDADES

(Emprega tres ou catro párrafos para describi-las funcións ou coñecementos que mellor amosen as súas posibilidades en relación co posto)

(Area de experiencia ou coñecemento)

(Area de experiencia ou coñecemento)

(Area de experiencia ou coñecemento)

Experiencia: (breve síntese do historial profesional: datas, empresas e cargos)

Formación: (aportar a formación máis recente)

Outros datos:

5. Instrumentos para a busca activa de emprego

CURRICULUM VITAE FUNCIONAL

Mª Dolores Fraiz Pérez

Av. Toen, 75 - 6º A
15701 Santiago

OBXECTIVO PROFESIONAL

Un posto de administrativa, que precise capacidade de organización e que me permita desenvolver as miñas competencias e habilidades.

FORMACIÓN

-Técnica Superior en Administración. No IES de Lamas de Abade. Santiago. 2001.
-Curso de Ofimática. S.G.I. . Santiago. 200 horas. 2001

HABILIDADES:

CONTABILIDADE

-Na xestión informatizada da contabilidade de empresa familiar, dende 2000.
-Nivel superior en contaplus, nominaplus e facturaplus e office.

ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

-Realización de inventarios
-Manexo de equipos informáticos para a elaboración e cumplimentación de documentos
-Rexistro e arquivo de documentos

COMUNICACIÓN

-Atención ó cliente, personalizada e telefónica
-Xestión de provedores

Pechado en Santiago, 15 de abril de 2003

CURRICULUM VITAE FUNCIONAL

DANIEL CASO CADARSO

Praza. Pontevedra, 47

15001 A Coruña

Tfno.: (981 21 22 23)

OBXECTIVO PROFESIONAL

DIRECCIÓN ADMINISTRATIVA, XESTIÓN DE PROXECTOS DE EXPANSIÓN E APERTURA DE MERCADOS.

HABILIDADES

COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

- Asesoramento de imaxe corporativa
- Creación de material de comunicación corporativa
- Formación de líderes. Solución de situacións de crise
- Comunicación financeira

COMUNICACIÓN DE MARKETING

- Lanzamento de produtos. Campañas informativas
- Deseño de pezas de comunicación de produtos
- Campañas promocionais

INVESTIGACIÓN DE MERCADOS

- Definición do posicionamento da empresa
- Identificación de oportunidades de mercado
- Medidas das actitudes dos consumidores fronte ós produtos
- Pre e post-test de pezas de comunicación

HISTORIAL PROFESIONAL

2001 ata a data LÁCTEOS DO SALNÉS
 Adxunto dirección

FORMACIÓN

2000 Licenciado en Socioloxía
 Universidade Autónoma de Barcelona

Pechado en Santiago, 15 de abril de 2003

5. Instrumentos para a busca activa de emprego

CURRICULUM VITAE FUNCIONAL

DOLORES MARTIN DOCAMPO

R/ Primavera, 43
 15001 Santiago
 Tfno.: (981 50 99 98)

OBXECTIVO PROFESIONAL

TRABALLO DOMESTICO

EXPERIENCIA LABORAL

PREPARACIÓN, ELABORACIÓN DE MENÚS

- Compra de alimentos, abastecemento de despensa
- Preparación e tratamento de alimentos para realizar comidas
- Preparación de menús e realización de comidas

LIMPEZA E COIDADADO DO FOGAR

- Limpeza de estancias e elementos con escrupulosidade
- Manexo de electrodomésticos e utensilios
- Coidado, manexo e limpeza de plantas
- Realización de lavado, planchado e ordenación de prendas

ATENCIÓN E COIDADADO DE NENOS E ANCIÁNS

- Realización de menus infantís e dietéticos
- Hixiene infantil e xeriatría
- Coidado e atención de nenos e anciáns

HISTORIAL PROFESIONAL

2000 - 2002	Familia de D. Cordeso Fuentes Auxiliar de cociña
1998 -2000	Familia de D ^a Gumersinda Sixto Empregada de Fogar. Interna

OUTROS DATOS

- Idade: 26 anos
- Estado civil: Solteira
- Referencias a disposición

Pechado en Santiago, 20 de outubro de 2002

CURRICULUM VITAE FUNCIONAL

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos: Carmen García Cortés

Enderezo: R/ Catalina, s/n

Localidade: Santiago. C.P. 15020

Tfno.: (981) 59 59 59

OBXECTIVO PROFESIONAL: ATENCIÓN DOMICILIARIA

EXPERIENCIA LABORAL

COIDADOS PERSOAIS

- Realización de tarefas de hixiene persoal
- Dar de comer a persoas impedidas ou encamadas
- Mobilizar a persoas impedidas: levantar, sentar, axudar a andar
- Vestir a persoas impedidas ou encamadas
- Asegurar un clima afectivo adecuado a través da compañía e da comunicación.

ALIMENTACIÓN E NUTRICIÓN

- Compra e tratamento de alimentos
- Preparación de menús e realización de comidas

LIMPEZA E COIDADADO DO FOGAR

- Limpeza xeral da vivenda: ventilación, desinfección
- Lavado e planchado

HISTORIA PROFESIONAL

2001 - 2002	Familia de D. Manuel Cotarelo Atención a ancián
2000	Familia de D ^a María Tarrío Atención a ancián impedida

OUTROS DATOS

- Capacidade de adaptación diante de diferentes persoas e situacións
- Responsabilidade e control emocional
- Dispoño de referencias

Pechado en Santiago, 15 de xaneiro de 2002

5. Instrumentos para a busca activa de emprego

PRESENTACIÓN DO CURRICULUM VITAE

- Papel de calidade, tamaño DIN - A4, branco ou beige claro ou crema.
- Mecanografía profesional. Máquina electrónica ou ordenador.
- Amplos marxes, espaciado.
- Correcta ortografía e mecanografía.
- Destacando con grosa, cursiva ou subliñando os titulares, así como, os aspectos máis interesantes.
- Sen fotografía. Si a solicita, que sexa de calidade e de medio corpo.
- Recorda que o remitirás por correo ordinario en sobre standar.
- Asegúrate de que é claro, concreto e conciso.

Moitas empresas dispoñen dun formulario de solicitude de emprego, que non é outra cousa senón un curriculum vitae estandarizado.


Consiste nun cuestionario, que deberás cumprimentar ti mesmo/a, sobre unha serie de datos persoais: situación civil, antecedentes académicos, experiencia profesional, etc.

O obxectivo desta ficha de solicitude é o de servir de base para unha entrevista posterior, así como, para realizar unha primeira preselección das persoas candidatas.

6. Os Procesos de Selección

Ante a necesidade de incorporación de novo persoal, unha empresa pon en marcha un proceso de captación e selección de persoas demandantes de emprego. Dito proceso pode variar segundo as características do posto a cubrir ou dependendo da filosofía da empresa.

Os procesos de selección teñen como finalidade valorar as condicións persoais e profesionais das persoas candidatas, cerciorándose así da idoneidade da persoa seleccionada e evitando correr o risco de introducir na empresa unha persoa candidata que non se adecúe ó posto. Deste xeito evítase o reinicio de todo o proceso, que repercute negativamente no ritmo de traballo e na eficacia do desenvolvemento do mesmo.



Normalmente todas as empresas teñen establecido un procedemento que lles permite identificar e avaliar ás persoas candidatas involucradas nos procesos de selección, para cubrir postos vacantes. Habitualmente, este proceso realízase coa posta en marcha dunha serie de probas de selección e entrevistas.

6. Os procesos de selección

As probas de selección

Nun proceso de selección, as probas son unha fase máis, e non sempre utilizada, se ben é certo, que o seu uso é frecuente, nos seguintes casos:

-En procesos de selección de candidatas/os mozas/os, ás/ós que non se lles pode avaliar pola súa experiencia profesional, nin por referencias.

-En procesos de selección para postos e ocupacións nas que se poida determinar de xeito obxectivo as habilidades e aptitudes necesarias.

TIPOS DE PROBAS DE SELECCIÓN		
TIPOS	DESCRIPCIÓN	SOPORTE
1. Probas profesionais	Pretenden medir de forma directa e obxectiva a aptitude da persoa candidata, avaliando os coñecementos adquiridos e as destrezas para o desenvolvemento do posto.	Por escrito: Plantéxanse problemas hipotéticos que se dan habitualmente no traballo (ex.: para un posto de contable, realizar un suposto de contabilidade) Manuais: especialmente utilizadas na selección para oficios profesionais (ex.: manexar unha fresadora...) Orais: Utilizan un cuestionario oral para incidir nos aspectos teóricos.
2. Probas psicotécnicas	Miden a capacidade xeral de razoamento das persoas candidatas, poden ser: De coñecemento: miden nivel cultural xeral ou específicos. De intelixencia: avalían a capacidade de razoamento verbal, numérico, espacial, a memoria; así como, a capacidade para a resolución de problemas. De aptitudes específicas: Indaga as habilidades específicas para o aprendizaxe.	Preséntase en baterías de test: De relación entre palabras: igualdades, semellanzas, analoxías. De problemas aritméticos: razoamento numérico De series numéricas: razoamento indutivo e abstrato. De visualización espacial: razoamento espacial. De información: vocabulario, fluidez verbal
3. Probas de personalidade	Estudian o posible comportamento das persoas en determinadas situacións. Exploran	Tests: exploran rasgos, forma de ser, o carácter, o autocontrol, a emotividade. Proxectivas: láminas, debuxos..
4. Probas médicas	Determinan o estado de saúde xeral, a ausencia de contraindicacións e enfermidades.	Exame clínico e funcional.

Antes de enfrontarte ó test, sempre vas sentir a necesidade de saber que che van a preguntar, e sobre todo que debes responder. Normalmente calquera previsión é inútil, porque as aptitudes avaliadas como adecuadas, dependen das características do posto, do perfil da empresa e dos requirimentos do sector. Si a extraversión, a capacidade de decisión ou a independencia, poden ser necesarias para un posto, tamén o poden ser a intro-versión, o poder de concentración ou a dependencia do grupo.

O recomendado nestes casos é ser espontánea/o.

Antes de realizar as probas procura relaxarte, descansar e durmir ben.

Durante as probas: le con atención as instrucións e pregunta o que non entendas. Procura ser rápido/a, pero non te precipites; contesta primeiro as cuestións que saibas seguro e logo nas que teñas dúbidas. Si son de intelixencia soen ter unha resposta concreta e o que tratan é de medir o teu rendemento, polo tanto concéntrate. Si son de personalidade non teñen respostas correctas ou incorrectas, o factor tempo non conta, non intentes dar unha imaxe afastada de ti, xa que están elaboradas con escalas de sinceridade.

Nas dinámicas de grupo, cando establecen o tema, o importante non é dicir exactamente o que un pensa ou sinte, senón a actitude que mantén ó falar, cómo se din as cousas.

As actitudes máis valoradas, normalmente, son falar correctamente, escoitar ós demais, participar de xeito activo na conversa e na toma de decisións, falar con convición.

A Entrevista

O obxectivo xeral dunha entrevista, para a empresa, é coñecer qué tipo de persoa es e como responderás no traballo. Para ti será unha oportunidade para demostrar e confirmar a túa idoneidade.

Para ter éxito necesitas coñecer a "entrevista" como técnica e instrumento de selección: os seus obxectivos e mecánica. E prepararte, non improvisar.

A entrevista é a técnica máis usada nos procesos de selección. Podémola definir como a charla, conversa ou diálogo formal entre a persoa seleccionadora e o candidato/a, co fin de obter e intercambiar información.

Tanto entrevistador/a como entrevistada/o perseguen uns obxectivos específicos:

Obxectivos do entrevistador/a	Obxectivos do/da entrevistado/a
-Coñecer si tí es a/o candidata/o idónea/o. -Descubrir se podes, si sabes e se queres ocupar o posto. -Predicar o teu rendemento no mesmo.	-Demostrar que sabes, que podes e queres o posto. -Transmitir a túa competencia -Probar que estás interesado/a -Causar unha impresión positiva -Demostrar que es a persoa adecuada para o posto -Obter información da empresa e o posto

6. Os procesos de selección

TIPOS DE ENTREVISTA

En función das persoas que fagan a entrevista

Membros do Departamento de persoal ou empresas externas	Responsables dun departamento ou Directiva
<ul style="list-style-type: none"> -Non coñecen a fondo o contido do traballo -O seu interese é coñecer a túa personalidade. -Buscan puntos febles máis que fortes (traballan por exclusión) -Dominan a técnica das entrevistas 	<ul style="list-style-type: none"> -Non coñecen a técnica da entrevista. -Non inciden especialmente nos rasgos de personalidade. -Coñecen a fondo o contido do traballo (Resp. Departamento) -Coñecen a fondo a cultura da empresa (Directiva) -Interésalles especialmente os teus coñecementos e experiencia profesional. -Buscan razóns para contratarte Tes que facerlles preguntas -Tes que mostrar que coñeces a empresa e os seus produtos.

En función do enfoque da entrevista

Dirixida	O/A entrevistador/a ten un guiión establecido das preguntas a realizar, o que impide as divagacións e permite en todo momento o control da situación pola súa parte.
Semi-libre	Realízase seguindo un modelo preestablecido, pero sen necesidade de mantelo de maneira rixida. O/A entrevistador/a sabe que hai aspectos sobre os que ten que recoller datos: formación, experiencia, intereses, ambiente familiar, etc.
Non dirixida / Libre	Desenvolvese sobre a marcha e con moita fluidez. A persoa candidata expresase espontaneamente.
Panel	Realízana dous ou mais entrevistadoras/es
Grupal	Entrevístase a un grupo de candidatas/os simultaneamente.

En función da finalidade da entrevista

Entrevista preliminar	<p>É lixeira, rápida, sobre todo si son moitas/os candidatas/os.</p> <p>Ten por obxectivo facer unha primeira avaliación do/a entrevistado/a: presentación á empresa, análise do curriculum, presenza persoal, capacidade de comunicación...</p>
Entrevista profunda	<p>Ten unha función integradora do conxunto de datos que foron recollidos illadamente por outras probas.</p> <p>Xunto a esta función integradora que permite un máis profundo coñecemento do/a candidato/a, cumpre unha labor informativa, a/o candidata/o verte datos acerca da empresa e do posto ó que aspira, e que lle permitirá aceptalo ou rexeitalo con novos coñecementos.</p>
Entrevista con xefas/es da empresa ou responsables de contratación	<p>As/Os xefas/es interveñen no proceso realizando unha entrevista co propósito de identificar a persoa idónea.</p>

LEMBRA 

- O/A entrevistador/a busca:
1. Verificar coidadosamente o curso da vida da persoa candidata, de tal xeito que non pase inadvertido ningún período (infancia, mocidade, ...)
 2. Detectar factores "ambiente" ou circunstancias nas que a/o candidata/o foi criado, estudou e traballou.
 3. Detectar cales son os intereses do/a candidato/a, a nivel profesional e de ocio.
 4. Dar á persoa candidata oportunidade de coñecer o posto, as posibilidades de promoción e as condicións de traballo.
 5. Non prolongar a entrevista máis do tempo necesario.
 6. Pechar a entrevista de xeito eficiente e concreto.

Aspectos a ter en conta na entrevista

ANTES DE IR Á ENTREVISTA

Infórmate sobre a empresa

É importante saber todo canto poidas sobre a empresa antes de realizar a primeira entrevista. Esta recollida de información previa axudarate a coñecer o seu funcionamento e permitirte comentar datos concretos que demostrarán profesionalidade. Faite coa terminoloxía do sector (xerga).

Prepara a entrevista (preguntas que che poden facer, as que ti farás)

Necesitas ter un guión da entrevista, con respostas elaboradas ás preguntas máis usuais. Para dominar os nervios é recomendable ensaiar a escena, seguindo o guión ata que saia perfeto.

Recorda o contido do CV, preguntaranche sobre el

Especialmente, pon atención sobre temas que poidan ser "conflitivos", e que deberás aclarar na entrevista (periodos prolongados de inactividade, despidos, baixas laborais...) Prepara documentos e certificados acreditativos da formación, experiencia...por se os piden.

6. Os procesos de selección

DURANTE A ENTREVISTA

Se puntual

Personate cuns minutos de antelación (non máis de 5) e recorda que dende o momento en que entras fisicamente na empresa, "xa estás actuando".

Viste correctamente. Aspecto adecuado á categoría profesional

A aparencia conta!. Nela inflúen moitas cousas. O estilo e a nitidez da túa roupa, o brillo dos teus zapatos, as engurras na camisa, a combinación de cores...

Tamén contribúe a maneira na que te peinas, sen embargo, o factor principal é un sorriso no rostro.

Preséntate con naturalidade e educación

A experiencia dinos que, cando todo o demais é practicamente igual, nós apoiamos á persoa que nos gusta sobre o que nos fai sentir neutrais ou negativos.

As persoas amables e optimistas agradan con máis facilidade que as que se inclinan a ser melancólicas, afectivizadas ou ata negativas. Tamén e certo, que unha persoa alegre e optimista logrará máis e terá máis cooperación dos/as compañeiros/as de traballo que a negativa.

Empregadoras e empregadoras buscan ás persoas que encaixan, as que conseguen resultados e as que resulta agradable telas cerca.

Coida os xestos, modais e posturas

Cando te atopas nunha situación potencialmente tensa é moi importante estar atento/a ós teus xestos, prestar atención o teu comportamento e preguntarte de que maneira estás contribuindo a que a situación mellore.

Xeralmente, cando non te sintes desafiada/o, é fácil deixar que o "ego" tome decisións por un/ha mesmo/a, e aflore un sentimento de ira. Neste suposto, pensa qué lograrás con iso; no moito que che custou chegar a este punto e cando poderás ter outra oportunidade. Entón, vale a pena manter o control.

Deixa que o/a entrevistador/a tome a iniciativa

É o seu papel, el/ela marca o ritmo e os termos da entrevista. Non eludas ningunha resposta.

Escoita con atención

Un vello refrán di: "cando un fala, non aprende. Aprendes só cando escoitas". Centra a túa atención nas ideas principais, identifica e descubre a esencia da conversación, descubre que busca.

Busca o momento oportuno para facer preguntas

Esto estimula ó/á entrevistador/a e amosa interese polo contido da conversa. Facer preguntas axuda a coñecer mellor os argumentos ou razóns do/a entrevistador/a.

Esmérate na despedida

Un sabio dixo: "é agradable ser importante, pero máis importante é ser agradable".

Amosar bos modais e gratitude. Recorda que "as persoas humildes non pensan que son menos, sinxelamente pensan menos nelas mesmas".

Coñecer os resultados

Infórmate de como e cando te darán a coñecer os resultados da selección.

DESPOIS DA ENTREVISTA

Fai seguemento

Si no prazo dunha semana non recibes resposta algunha, toma a iniciativa e chama á empresa para informarte polos resultados do proceso de selección.

Non todas as entrevistas son iguais, pero si existen temas e preguntas típicas que aparecen frecuentemente nas entrevistas.

A continuación aparece un listado de preguntas mais frecuentes sobre a formación, motivos de solicitude do posto, experiencia, características persoais, proxectos de futuro, retribucións e vida privada:

PREGUNTAS FRECUENTES NAS ENTREVISTAS

TEMA

FORMACIÓN

OBXECTIVO

- Tipo de Estudos realizados
- Seguemento da túa vocación
- Os estudos realizados respotaron a unha vocación ou foi casual
- Especialización. Nivel de coherencia na opción.
- Acadar datos referidos a cursos, masters ...
- Calificacións e periodo de tempo empregado. Datos sobre intereses, constancia, esforzo, capacidade de estudio...
- Nivel de gratificación no estudio
- Coñecementos de idiomas e informática. Son ineludibles debido ó seu frecuente uso.
- Pretenderase saber o nivel de idiomas. Qué programas utilizas e nivel de dominio.

POSIBLES CUESTIÓNS

- Que estudos realizaches? Por que estes e non outros?
- Tiñas outras preferencias? Onde estudiaches?
- Por que decidiches estudar ...?
- Quen influíu máis en ti á hora de decidir a túa formación?
- Que disciplinas che gustaban máis e menos e en cáles sacabas mellores notas?
- En que medida as túas cualificacións se deben ó teu esforzo persoal e en cal a túa intelixencia?
- Como estudiabas, qué sistema seguías?
- Por que abandonaches os estudos?
- Farías cambios na túa traxectoria como estudante? Cales?
- Cal foi a túa experiencia máis gratificante na túa vida de estudante? Que cambiarías e por qué?
- Cursaches estudos de especialización relacionados con este posto de traballo?
- Consideras necesario ou adecuada mellorar ou actualizar a formación?
- Tes coñecemento de inglés ou francés? Que nivel tes falando?Tiveches ocasión de per-

6. Os procesos de selección

- feccionalo con algunha estancia no estranxeiro?
- Realizaches cursos de idiomas?
- Cursos de informática?
- Tiveches algún posto representativo na túa vida de estudante?
- Prefires o traballo en equipo ou individualmente?

TEMA

ADECUACIÓN Ó POSTO

OBXECTIVO

- Encaixe para o posto e o ambiente de traballo
- Nivel de preferencias para o traballo en equipo.
- Saber si es unha persoa comunicativa, colaboradora, extravertida, sociable, con facilidade para as relacións, que rentabilizas as capacidades propias e as das demais persoas para un ben común.
- Saber si tes gusto polo traballo individual. Nivel de independencia, autonomía, gusto polo traballo que require concentración...

POSIBLES CUESTIÓNS

- Como prefires traballar, en equipo ou individualmente?
- Como te integras en grupos xa preestablecidos, de traballo ou de amizade?
- Aceptas con normalidade as normas, disciplina e xerarquías que propoñen as empresas?
- Prefires un ambiente de traballo competitivo ou de colaboración?
- Que relación cres que debe existir entre a/o xefa/e e o/a empregado/a?

TEMA

EXPERIENCIA LABORAL

OBXECTIVO

- Si tes experiencia profesional
- Saber de que tipo, as funcións e responsabilidades
- Preferencias laborais. En que experiencia te sentiches máis cómoda/o e satisfeita/o.
- Actividades no trato cas demais persoas
- Como te relacionabas cos/as iguais, cos/as superiores para recoñecer as túas tendencias ó: dialogo, enfrontamento, disputas, colaboración, sumisión, competitividade...
- Motivos da finalización do traballo anterior. Por terminación, despido, renuncia, ...
- Duración. Acadar datos sobre capacidade de adaptación, constancia e responsabilidade profesional.
- Actitudes diante do desemprego e métodos para buscar traballo

POSIBLES CUESTIÓN

- Traballaches anteriormente?
- Por que medios o conseguiches, prensa, internet, teletexto, contactos persoais...?
- Que funcións realizabas? Duración?
- Cal é o traballo no que te sentiches máis a gusto ou satisfeita/o? Por que?
- Cales foron os motivos polos que deixou un posto de traballo?
- Volverá a traballar nalgún dos traballos anteriores?
- Que opina das/os anteriores xefas/es? Que actitude súa criticarías?
- Que relación tiñas cos compañeiros?
- Que ambiente de traballo existía nos empregos anteriores?
- A hora de traballar organizaste e planificas as tarefas para realizalo?
- Tiveches algunha situación desagradable ou conflictiva cos/as xefes/as ou compañeiras/os de traballo? Como te enfrontaches ou a solucionaches?
- Es colaborador/a cos/as compañeiros/as?
- Tendes ó dialogo ou a discusión?
- Sendo estudante, desempeñaches algún traballo? Que aprendiches nel? Como o conseguiches?
- Colaboraches con algunha organización non governamental para o desenvolvemento? -
- Cal e de que tipo? Que actitude realizabas?
- Desempeñaches algún posto de responsabilidade? Como te apañaches?
- Describe o/a mellor e o/a peor xefe/a que tiveches
- Describe cómo sería o/a xefe/a ideal
- Describe un día típico nun anterior emprego.

TEMA

PROXECTOS DE FUTURO

OBXECTIVO

-Aspiracións e obxectivos profesionais. Detectar cal é o perfil profesional ó que aspiras, si sabes o que queres e como conseguilo, si es realista ou pola contra si das unha imaxe confusa ou idealista.

POSIBLES CUESTIÓN

- Cales son os teus proxectos a medio e a longo prazo? Cales son os teus obxectivos a medio e a longo?
- Cres que os teus obxectivos son realistas?
- Como te ves dentro duns anos? Onde?
- Con que perfil profesional te identificas?
- Cres que reúnes os requisitos precisos para desenvolver este traballo?
- Que pretendes facer para cubrir as posibles carencias que poidas ter?
- Que actitude che gustaría desenvolver, de maneira continuada, no futuro? Que accións vas a promover para conseguilo?
- Que te ves facendo dentro de 5 ou 10 anos?

6. Os procesos de selección

TEMA

CARACTERÍSTICAS PERSOAIS

OBXECTIVO

- Capacidade de autodescripción. Capacidade para resaltar cualidades con ecuanimidade e realismo.
- Non se buscan persoas "perfetas", pero en xeral valorase:
- Responsabilidade no traballo, nas accións e ideas, constancia e eficiencia, cumprir os obxectivos de maneira eficaz.
- Capacidade de planificación e organización.
- Persoas que se impliquen nos obxectivos da empresa, descartan persoas apáticas e sen iniciativa.
- Capacidade de reflexión, de análise e senso crítico.
- Capacidade de adaptación, actitude positiva diante do cambio. Flexibles, polivalentes e dinámicas.
- Comunicativas, sociables, con capacidade de relación.
- Innovadoras, creativas, con iniciativas
- Con autonomía, capaces de resolver
- Decididas, realistas e seguras de si mesmas.
- Estabilidade emocional, capaces de controlar situacións de estrés ou ansiedade.
- Receptividade, abertos a novas ideas

POSIBLES CUESTIÓNS

- Como te definirías a ti mesmo/a? ou Defínete a ti mesmo/ con 5 adxectivos calificativos. Xustifícaos.
- Describe unha anécdota na que resolverás con éxito unha situación problemática
- Si investimos os papeis, ti entrevistador/a e eu candidato/a, que cualidades desexarías que eu reunira, relevantes ó posto?
- Que gana a empresa ó contratarte a ti no lugar de a outra/o candidata/o?
- Si tiveras que compararte cun animal, con cal o faría e por que?
- Si todos os traballos tiveran a mesma remuneración e consideración social. En cal che gustaría realmente traballar?
- Pensa nunha persoa determinada; si eu lle preguntase como es ti, cal cres que sería a súa resposta?
- Que tipo de persoas che sacan de quicio?
- Cóntame un chiste
- Que impresión cres que saco de ti nesta entrevista?
- Considérase creativo/a? Por que?
- Considérase pragmático/a?
- Es unha persoa tranquila ou máis ben activa?
- Considérase innovador/a?
- Aceptas as críticas?
- Manteste ó día? Segues a actualidade?
- Considérase unha persoa eficiente?

TEMA

RETRIBUCIÓN

OBXECTIVO

- Canto estás disposto a gañar. Clasificar si existe equilibrio entre o que ofertan e as túas pretensións.
- O salario terá que ser proporcional a túa formación e experiencia, as funcións que vas a realizar, á categoría profesional na que te inclúes, facendo comparación co que gañabas noutros traballos. Valora as posibilidades de promoción interna e externa.
- Intenta sempre, como en calquera negociación, coñecer previamente a cantidade que a empresa está disposta a ofertar.

POSIBLES CUESTIÓN

- Cal é a contía á que aspiras? Canto queres gañar agora? E dentro de 5 anos?
- Cal era o soldo que recibías no emprego anterior?
- Cal é o mínimo que aceptarías?
- Que importancia lle das ó factor económico?
- Tomas en conta outros factores como, incentivos, vacacións, servicios de gardería, comedor ...?
- Estarías disposto/a a dedicar 3 meses a realizar un curso de formación a cargo da empresa, antes de ser contratado/a?
- É realmente o factor económico o máis importante na túa decisión?

TEMA

VIDA PRIVADA

OBXECTIVO

- Relacións persoais.
- O obxectivo é coñecer cómo é a túa vida social, si es persoa de moitos/as amigos/as ou poucos/as e bos/as, si no ámbito persoal tes conflitos (o mellor é ser natural e non estenderse innecesariamente).

POSIBLES CUESTIÓN

- Cal é o teu estado civil?
- Tes persoas o teu cargo?
- Tes proxectado casarte? Ter fillas/os?
- Si estas casado/a ou tes persoas ó teu cargo, cres que pode traer dificultades ou repercutir no teu traballo?
- A que se dedica teu pai, túa nai, irmáns/ás?
- Con cal dos teus pais te levas mellor? Por qué?
- Quen son os teus/tuas amigos/as?
- Tes parella? ¿Que opina a túa parella deste emprego?
- Que che aporta a práctica de ... (algún deporte)?
- Cal foi o último libro que liches? Que che pareceu?
- Que fas no teu tempo libre?
- Cales son as túas afeccións favoritas?

6. Os procesos de selección

LEMBRA

É aconsellable responder con sinceridade e naturalidade, ó tempo de saber xustificar o porqué das respostas.

- Que valoras máis dos teus amigos?
- Tes posibilidades de cambio de residencia? Tes vehículo propio?
- Que opinas de ...

TEMA

MOTIVO DA SOLICITUDE

OBXECTIVO

- Por que che interesou este posto
- Medios polos que coñeciches a oferta. Pretendese saber que canles de información manexas. Que información posúes das actividades, funcionamento, dinámica de traballo... (tes que procurar resaltar que ti es adecuado/a, utilizando argumentos baseados en datos reais e experiencias).

POSIBLES CUESTIÓNS

- Que che atrae do posto?
- Como te enteraches da vacante?
- Que che atrae da empresa?
- Que coñeces do seu funcionamento e dinámica de traballo?
- Que cres que podes aportarnos?
- Considérase suficientemente capacitado para levar adiante este traballo? Por qué?
- Tés experiencia neste tipo de traballo?
- Aceptarías un período formativo?

7. Glosario de termos

Autoanálise: Análise dun/ha mesmo/a, a nivel persoal e profesional, coa finalidade de planificar unha busca activa de emprego eficaz e realista.

Autocandidatura: Forma de solicitar un posto de traballo por iniciativa propia.

Base de Cotización: Cuantía establecida pola lei segundo os réximes e a categoría profesional, en función da cal calcúlase a cotización á Seguridade Social.

Competencia profesional: Conxunto de coñecementos, destrezas e aptitudes que ten que ter unha persoa traballadora para exercer dunha forma eficaz unha profesión.

Cotizar: Pagar a cota ou parte correspondente de gastos colectivos, as cotas da seguridade social, etc.

Demandas de emprego: son as inscricións como demandantes de emprego rexistradas no servizo público de emprego.

Empregabilidade: Fai referencia ó potencial dunha persoa para axustarse ou satisfacer a demanda de un posto de traballo.

Empresa: Organización dedicada a actividades industriais, mercantís ou de prestación de servizos con fins lucrativos. Lugar en que se realizan estas actividades.

Empresariado: Quen/es por concesión ou por contrata executa unha obra ou explota un servizo público. Titular propietario/a ou directiva/o dunha industria, negocio ou empresa.

Familia profesional: Agrupación de empregos afíns en canto a actividades que desenvolven e competencias que se requiren para desempeñalos.

Folga: Interrupción colectiva da actividade laboral por parte de traballadores/as co fin de reivindicar certas condicións ou manifestar unha protesta.

Imaxe corporativa: É a cara externa dunha empresa. Inclúe a marca e o logotipo

Incapacidade laboral: Situación de enfermidade ou de padecemento físico ou psíquico que impide a unha persoa, de xeito temporal ou definitivo, realizar unha actividade profesional e que normalmente da dereito a unha prestación da seguridade social.

Itinerarios personalizados de inserción laboral: Como itinerario de inserción profesional ou itinerario personalizado de inserción laboral entendemos o procedemento ou conxunto de actuacións de información, formación, orientación e asesoramento que teñen como finalidade favorecer a empregabilidade das persoas demandantes de emprego, a través da avaliación das capacidades, habilidades, oportunidades, aptitudes, intereses profesionais, mediante un protocolo, que nos permite realizar un deseño individual do noso itinerario de vida sociolaboral.

Laboral: Relativo ao traballo. Denominación de aquela póla xurídica que regula as relacións derivadas dos contratos de traballo e da Seguridade Social.

Negociación Colectiva: A que levan a cabo os sindicatos de traballadoras/es e o empresariado para a determinación das condicións de traballo e que, normalmente, desemboca nun convenio colectivo.

Ofertas de emprego: comprende os postos de traballo ofrecidos por empresas e organismos e formalizados e rexistrados tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego.

7. Glosrio de termos

Organigrama: serie de cadros unidos por liñas, nos que se representan as relacións de autoridade e responsabilidade entre o persoal executivo da dirección dunha empresa cos restantes membros da organización.

Orientación laboral: Conxunto de actuacións e/ou servizos orientados a favorecer procesos de formación e inserción sociolaboral.

Paro rexistrado: demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta.

Perfil profesional: Conxunto de competencias (aptitudes, actitudes, coñecementos, capacidades...) definidas en relación a unha actividade profesional.

Persoa ocupada: toda persoa maior de 16 ou máis anos que declara ter un traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia.

Persoa en paro: toda persoa maior de 16 ou máis anos que está simultaneamente sen traballo, na busca de dun e dispoñíbel para traballar.

Poboación economicamente activa: Suma da poboación ocupada e parada.

Poboación economicamente inactiva: todas aquelas persoas que non cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas. Inclúense nesta poboación os/as escolares ou estudantes, persoas que están realizando labores do fogar, pensionistas de invalidez, de viuvez ou orfandade, de xubilación ou prexubilación, persoas noutras situacións: rendeiras/os, menores sen escolarizar...

Políticas activas de emprego: Aquelas políticas que inciden directamente sobre o mercado laboral coa finalidade de fomentar a inserción laboral da poboación e incentivar a creación de emprego.

Reciclaxe profesional: Actualización da cualificación profesional tendo en conta as novas exixencias do mercado laboral.

Técnicas de busca de emprego: Conxunto de ferramentas e estratexias para a busca de emprego.

Teletraballo: Traballo realizado a distancia, fora do centro de traballo habitual, facendo uso das novas tecnoloxías (NTIC).

8. Planning para a busca activa de emprego

Exemplo de Planning semanal

Planning semanal				
Semana do	ao	de	de	200
Luns				
Martes				
Mércores				
Xoves				
Vernes				

8. Planning para a busca activa de emprego

Exemplo de Planning mensual

Planning mensual					
	1ª semana	2ª semana	3ª semana	4ª semana	5ª semana
Luns					
Martes					
Mércores					
Xoves					
Vernes					

9. Bibliografía

ÁLVAREZ, M. (1995): Orientación profesional. Cedecs. Barcelona.

BIGLINO, R. (2001): Las reglas del currículum vitae eficaz. De Vecchi. Barcelona.

BOM, W. (1994): Abrirse paso. Orientación laboral y profesional para mujeres. El Roure Editorial. Barcelona.

CASTILLO, G. (2000): De la universidad al puesto de trabajo. Estrategias y recursos para acceder al primer empleo. Pirámide. Madrid.

EQUIPO EXPERTOS 2100. (1995): Currículum Vitae y Propuestas de Colaboración. De Vecchi. Barcelona.

FRIEDRICH, H. (2000): Afrontar con éxito las entrevistas de trabajo: cómo prepararse para la entrevista, qué estrategias desarrollar... Drac.

HERNÁNDEZ A. E LÓPEZ B. (1996): Aprender a buscar trabajo. Cauce Editorial. Madrid.

INSTITUTO DE LA MUJER- INEM. (1990): MABEN. Manual de acción para la búsqueda de empleo de la mujer. Madrid.

JACKSON, T. (1995): El Currículum Perfecto. Playor. Madrid.

LÓPEZ-FÉ, C.M. (2002): Persona y profesión. Procedimientos y técnicas de selección y orientación. TEA Ediciones.

PALACÍ, F.J. e GRIMALDI, A. (2005): La Orientación laboral: teoría y práctica. Madrid.

REICHEL, W. (1998): Estrategias para conseguir trabajo: tomar la iniciativa y una buena planificación determinan el éxito en la búsqueda de empleo. Drac.

RIFKIN, J. (1996): El fin del trabajo. Paidós. Barcelona.

SEBASTIÁN, A., RODRÍGUEZ, M.L. y SÁNCHEZ M.L. (2003): Orientación Profesional. Un proceso a lo largo de la vida. Dykinson. Madrid.